



Cancioneiro popular de Galicia

---

# EU NON CANTO POR CANTAR

---

Manuel Rico · Antón Santamarina



Eu non can - to por can - ta - r

**EU NON  
CANTO POR  
CANTAR**

---

Primeira edición do cancionero  
*Eu non canto por cantar*, editado por  
Supermercados Gadis como agasallo  
para os seus clientes.

Autores: Manuel Rico Vereá  
e Antón Santamarina Fernández  
Coordinación da edición e deseño:  
Cibrán Rico López e Jesús Vázquez  
Gómez para desescribir

© Manuel Rico Vereá e Antón  
Santamarina Fernández 2014

Producido en Galicia  
Depósito Legal C 472-2014  
Impresión: Agencia Gráfica Gallega  
Encadernación: Legatoria



2014

## ÍNDICE

---

7	LIMIAR
16	BIBLIOGRAFÍA
18	CAPÍTULO · I Cantos de ritmo libre: os alalás
36	CAPÍTULO · II Cantos de labor
54	CAPÍTULO · III Pandeiradas
72	CAPÍTULO · IV Muiñeiras novas
90	CAPÍTULO · V Xotas
108	CAPÍTULO · VI Foliadas
126	CAPÍTULO · VII Cantigas que fan referencia a cantar, bailar, comer e beber
144	CAPÍTULO · VIII Cantigas sobre o amor e as súas circunstancias

## LIMIAR

---

O CANCIONEIRO POPULAR DE GALICIA, transmitido dunha forma lúdica e recreadora nas festas familiares, nas foliadas, nas romarías, nas fías, nas ruadas, nos traballos colectivos ou nas tabernas, fixou cancións que permanecen na memoria colectiva vinculadas a estas situacións festivas.

Nós realizamos esta escolma coa intención de recuperar unha parte deste cancionero para que valla de axuda á memoria ós que xa saben as cantigas ou de encontro con este signo da nosa identidade cultural para os que lles resulten novas.

As partituras deste cancionero foron transcritas por Manuel Rico a partir dos cancioneros citados na bibliografía, da audición directa dos intérpretes ou de documentos sonoros.

A nosa gratitude ós colectores, cantoras, cantores e transmisores que, co seu traballo, posibilitaron este cancionero.

Para facilitar a lectura e execución das partituras no momento de ser cantadas unimos o grupo rítmico e métrico. A velocidade indicada na parte superior esquerda en cada canción tamén corresponde ó pulso básico aproximado.

Hai cancións que funcionan asociadas a un refrán. Neste caso, para facilitar a súa lectura, preséntase estrofa e refrán de forma correlativa en páxina par e impar.

O material preséntase clasificado nestes capítulos:

- Os cantos de ritmo libre: os alalás
- Os cantos de labor
- Os cantos de pandeiro
- As muiñeiras novas
- As xotas
- As foliadas
- Cantigas que fan referencia a cantar, bailar, comer e beber
- Cantigas sobre o amor e as súas circunstancias

Os xéneros do canto popular galego distínguense polo ritmo. Amais disto, para determinar definitivamente se un modelo melódico é un alalá, un canto de labor, un canto de berce, etc. débese ter en conta o tempo, o contexto social, o ambiente e o espazo no que se canta e cómo se canta.

Os cantos arcaicos de ritmo libre, os alalás, carecían na súa execución de acompañamento instrumental melódico ou rítmico polo que é preciso acudir á forma de executar estes modelos melódicos para os poder definir con máis precisión.

Os alalás eran interpretados a capela, de forma pausada, usando frecuentes melismas e con liberdade recreadora na súa realización definitiva.

Moitas veces, despois de interpretar a melodía do alalá, coa súa correspondente letra, repetíanse os dous últimos versos da melodía, ou os catro, co «ailalelo, ailalelo, ailalelo ailalailo».

Deberemos ter presente, xa que logo, que estes esquemas melódicos, sometidos a outros esquemas rítmicos, interpretados noutro espazo e noutro tempo, poderían ser clasificados noutro xénero de canto popular. Un mesmo esquema melódico, dependendo da súa realización definitiva, pode ser un alalá, un canto de berce, unha pandeirada, etc.

Na actualidade estes esquemas melódicos, fixados por diferentes colectores, dentro dun amplo capítulo de melodías sen función determinada, son executados de forma descontextualizada e fóra das características que o definían. Non obstante, conforman un capítulo importante do noso patrimonio lírico musical que debemos conservar e transmitir.

Os cantos de labor son aqueles que están asociados a un traballo concreto. Normalmente estas composicións líricas indican o tipo de traballo que se executa aínda que ás veces non aparece de forma clara.

Os cantos de labor subdivídense en dous grupos ben diferenciados:

- Cantos de labor que se cantan durante a realización dun traballo sen que o pulso do esquema melódico se relacione cos movementos rítmicos do traballo.

Estamos ante un segundo capítulo de cantos de ritmo libre, interpretados a capela, de forma pausada, con uso de frecuentes melismas e con liberdade recreadora na súa realización definitiva.

- Cantos de labor que se interpretan acompañados polo ritmo do traballo que se está realizando.

Son cantos silábicos cun pulso básico coincidente cos movementos rítmicos do corpo e, en xeral, neste grupo, a temática da letra tamén está relacionada co traballo que se está realizando.

Na actualidade, por razóns sociais, económicas... e culturais, xa é difícil poder escoitar un cantor ou cantora executando cantos de labor —cantos de arada, cantos de arrieiro, cantos de seitura ou cantos de arrigar, cantos de mallar, cantos de ripar o liño, de mazar, de espadelar, cantos de bater o leite, etc.

Estes cantos de labor, fixados por diferentes colectores, conforman unha parte moi importante do corpus lírico musical de Galicia.

O corpus de melodías vellas, agrupadas nas últimas investigacións como grupo de melodías sen función determinada, son as máis frecuentes e abondosas. Úsanse para cantar composicións líricas do cancionero tradicional interpretadas como pandeiradas.

Tamén se utilizan para interpretar cantos narrativos, cantos de Nadal, cantos de Reis, cantos de berce, regueifas, desafíos, etcétera, modificando o tempo, o ambiente e o espazo no que se canta e cómo se canta.

A pandeirada, denominada tamén muiñeira vella ou canto de pandeiro, ten unha gran liberdade melódica que explica a súa variedade na estrutura formal.

O ritmo e o metro son os elementos esenciais para definila dada a súa gran variedade formal e melódica.

A pandeirada, de metro binario e execución rápida, non ten compás fixo. Consta dunha pulsación rítmica indiferenciada que se divide en tres partes no ritmo da pandeirata ou do pandeiro e en dúas na execución melódica do canto.

O esquema melódico da pandeirada é de catro versos que se pode reducir a tres ou a dous repetidos para os tres ou catro versos octosílabos da estrofa.

Para unha análise das diferentes series rítmicas e estruturas da pandeirada podemos consultar o Tomo I do *Cancioneiro popular galego* de Schubart/Santamarina ou o *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela* de M. Rico.

Nalgúns casos atopamos pandeiradas con refrán pertencente ao xénero de muiñeira nova e incluso cantares con superposición dos dous xéneros musicais.

A muiñeira nova é considerada como a danza máis representativa de Galicia pero tamén é un xénero de canto popular que aparece ligado a diferentes ámbitos: o muíño, cantos de labor executados ritmicamente... e mesmo cantos de berce.

Dorothe Schubart destaca que a muiñeira nova é o único xénero onde non domina nin a métrica nin a cantidade de sílabas senón o acento e sinala dous antecedentes deste xénero no canto popular: os cantos arcaicos recollidos no Leste de Lugo, e a muiñeira vella e a molineira dos Ancares e o Courel.

A posible procedencia culta está condicionada, xa que logo, ao feito de que hai documentadas, nas colleitas realizadas, pandeiradas con versos transformados en muiñeiras novas tanto na creación lírica como na súa estrutura melódica.

Na muiñeira nova hai coincidencia de acento e pulso e carece de importancia o número de sílabas dos versos da estrofa que oscila entre oito e doce. Este pulso básico, dividido en tres partes, pódese partir ritmicamente en grupos de negra mais corchea ou en tres corcheas resultando versos de catro pulsos básicos.

Este xénero musical, a muiñeira nova, ten un carácter máis instrumental mentres que a pandeirada, ou muiñeira vella, é un xénero normalmente destinado para ser cantado.

Cómpre indicar que as muiñeiras instrumentais, precedidas dun preludio, conforman un amplo capítulo e reciben diferentes denominacións a través da xeografía galega: a carballeira, a chouteira, a redonda, a ribeirana, etc.

A pandeirada e a xota teñen un carácter arcaico e para a súa interpretación, o cantor ou cantora tradicional, utilizaban os esquemas melódicos do corpus de melodías clasificadas como «melodías sen función determinada».

Estes esquemas melódicos, que tamén se recreaban no momento da execución do cantar, complementáanse co esquema rítmico desexado orixinando así o xénero musical xota ou pandeirada.

A pandeirada, ou muiñeira vella, e a xota son os bailes máis frecuentes nos lugares onde mellor se conservou a música tradicional. Tamén son os xéneros máis utilizados no canto tradicional.

A xota, de metro ternario, execútase de forma pausada e melódica en contraposición á pandeirada, de metro binario e execución máis rápida. Tamén é máis variada por constar de dúas partes diferenciadas: punto e volta.

O punto consta de dous ou catro versos musicais, sometido ao compás de  $\frac{3}{8}$ , para interpretar a composición lírica, en forma de cantiga, de catro versos octosílabos.

A volta ou refrán tamén consta de dous ou catro versos musicais para interpretar os versos de seis sílabas. Hai xotas que se recolleron sen volta e mesmo aparecen voltas encadeadas que servían para punto de xota sen identificar.

Cando se interpreta a xota con instrumento rítmico, normalmente a pandeireta, esta indica o cambio do punto á volta para o baile.

Nesta escolma só presentamos un grupo de xotas que acadaron unha ampla difusión en todo o territorio.

A foliada é unha festa que pode ter diferentes contextos e lugares. A xente das aldeas reuníanse certos días para cantar, tocar e bailar. Por extensión, calquera das melodías cantadas nesta festa tamén era unha foliada.

Estas festas tamén se denominaban segundo a zona xeográfica o serán, a ruada, o fiadeiro, a tasca, etc. Non eran festas fixas no calendario. En Boimorto, na Brea, unha muller tiña autoridade para convocar ós veciños tocando unha melodía cun corno que hoxe está exposto no museo etnográfico de Melide.

Aínda que o aire preferido deste grupo de foliadas sexa a xota non se deben identificar con este xénero. Hai recolleitas foliadas que non son xotas. Este grupo de foliadas teñen todas elas un carácter coreográfico, cántanse nestes tempos de troula, incorpórase unha segunda voz con frecuencia e mesmo se acompañan coa gaita e outros instrumentos na súa interpretación festiva.

Nesta escolma presentamos un grupo de cancións identificadas nos diferentes cancioneros como foliadas e que acadaron unha gran difusión en toda Galicia.

---

## CANTIGAS QUE FAN REFERENCIA A CANTAR, BAILAR, COMER E BEBER

Presentamos nos anteriores capítulos os alalás, os cantos de labor, os cantos de pandeiro ou pandeiradas, as muiñeiras e as xotas, xéneros fundamentais do canto popular galego. Tamén lle dedicamos un capítulo ás foliadas que se caracterizan por ser coreográficas, de aire festivo e utilizar acompañamento rítmico e melódico.

Deixamos fóra desta escolma outros xéneros menores, entre eles o cancionero infantil, que merece un tratamento específico, os cantos ligados a ciclos festivos como o Nadal, os Reis, o Entroido, os Maios, os cantos narrativos e outros moitos cantares.

Mais aínda nos queda un grupo heteroxéneo de cantigas e melodías fixas asociadas a unha función determinada e a un ambiente concreto que incluímos e subdividimos en dous grupos: cancións que fan referencia a cantar, bailar, comer e beber e cancións que expresan diferentes manifestacións sobre o amor e as súas circunstancias: os piropos, os encontros amorosos, os requirimentos, as queixas, etc.

Neste apartado incluímos o primeiro grupo destas cancións asociadas ó ambiente concreto de certos actos festivos e que seguen cumprindo a súa funcións de nexo común entre xeracións en calquera festa ou reunión de amigos e amigas.

---

## CANTIGAS SOBRE O AMOR E AS SÚAS CIRCUNSTANCIAS

Moi vinculado ó grupo anterior está un segundo grupo de cancións nas que os cantores e cantoras expresan os comunicados líricos máis diversos sobre os amores primeiros, os amores firmes e verdadeiros, os amores circunstanciais e as súas circunstancias xeradas: encontros, solicitudes e requirimentos, piropos, queixas, esperas, despedidas, ausencias, recordos, etc.

Aínda que se produciron grandes cambios nas relacións sociais e as novas tecnoloxías invitan a novos modelos estas cancións seguen cumprindo a funcións para a que foron creadas en moi diversos actos sociais.

Algúns destes cantares sería factible clasificalos entre os xéneros estudados nesta escolma, non obstante, conforman un grupo moi definido de cancións asociadas a estas reunións festivas das familias e dos amigos na casa, nas romarías, nas viaxes ou na taberna.

- BLANCO PÉREZ, Domingo. *A poesía popular en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992.
- FERNÁNDEZ ESPINOSA, Luís María. *Canto popular gallego*. Madrid: Editorial Massó, 1940.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Daniel. *Cancioneiro Popular Galego*. Ourense: La Región, 1963.
- MARTÍNEZ TORNER, Eduardo; BAL Y GAY, Jesús. *Cancionero Gallego*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1973.
- PÉREZ FANEGO, Manuel. *Cancioneiro manuscrito e inédito*. Ferrol 1940-1988.
- RICO VERA, Manuel. *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela*. Vigo: Editorial Galaxia, 1986.
- RICO VERA, Manuel. *Cancioneiro escolar gallego*. A Coruña: Editorial Fontel, 1996.
- SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto. *Cancioneiro musical de Galicia*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1982.
- SCHUBART, Dorothé; SANTAMARINA, Antón. *Cancioneiro galego de tradición oral*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1982.
- SCHUBART, Dorothé; SANTAMARINA, Antón. *Cancioneiro popular gallego*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza (Sete tomos), 1984.
- SCHUBART, Dorothé; SANTAMARINA, Antón. *Escolma de Cántigas do Cancioneiro Popular Galego*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1991.
- VILLALBA FREIRE, Carlos. *Cancionero de Galicia*. Madrid: A. Carmona, 1976.

# ALALÁS



## Índice

- 19 Estreliña do luceiro
- 20 Esta gaitiña que eu toco
- 21 Asubíame de lonxe
- 22 Pontevedra é boa vila
- 23 Aínda que son das Mariñas
- 24 Como chove miudiño
- 25 Adeus, adeus non mo digas
- 26 Non me tires con pedriñas
- 27 Airiños, airiños, aires
- 28 Pasei o mar da Marola
- 29 Elas sonche de Laiño
- 30 Folladela ten a sona
- 31 Heime de casar contigo
- 32 Monterrei está no alto
- 33 Teño unha casiña branca
- 34 Nosa Señora da Barca

## ESTRELIÑA DO LUCEIRO

- |   |   |
|---|---|
| 1<br>Estreliña do luceiro,<br>compañeiriña da lúa;<br>o día que non te vexo<br>non vexo cousa ningunha. | 3<br>Tres estrelas hai no ceo,<br>todas tres de par da lúa;<br>a miña é a do medio<br>aluma máis ca ningunha.     |
| 2<br>Aluméame, aluméame<br>estreliña da fartura;<br>aluméame, aluméame<br>mentres que non vén a lúa.    | 4<br>Púxenme a contar estrelas<br>e metelas no sombreiro;<br>non puiden dar conta delas<br>ata que veu o luceiro. |

♩ = 60 | ALALÁ DO DEZA

Es - tre - li - ña do lu - cei - ro,  
— com - pa - ñei - ri - ña da lú - a;  
o dí - a que non te ve - xo  
— non ve - xo cou - sa nin - gu - nha.

## ESTA GAITIÑA QUE EU TOCO

1  
Esta gaitiña que eu toco  
sente coma unha persoa;  
unha veces canta e rie  
e outras veces xeme e chora.

2  
Veño dunha romaría,  
dunha romaría noutra;  
veño dunha romaría  
e mañá vouche pra outra.

3  
Na mellor festa galega  
ten que lucir un gaiteiro  
que tendo gaitiña e mozas  
non se precisa o diñeiro.

4  
Vide mociñas e mozos,  
con pandeiros a ruare  
e ó son alegre da gaita  
vide cantar e bailare.

♩ = 60 | ALALÁ DO CEBREIRO

Es - ta gai - ti - ña que eu to - co  
sen - te co - mo u - nha per - so - a;  
u - nhas ve - ces can - ta e rí - e  
e ou - tras ve - ces xe - me e cho - ra.

## ASUBÍASME DE LONXE

1  
Asubíasme de lonxe  
a uso de can perdido;  
eu non son un can de caza  
que entenda por asubíos.

2  
Asubíasme do alto  
como a can que anda perdido;  
eu non son can de palleiro  
que entenda por asubío.

3  
Téñoche un can de palleiro  
que de noite anda ceibado;  
ten coidado, Maruxiña,  
Maruxiña, ten coidado.

♩ = 60 | ALALÁ DE ANDAVAO

A - su - bí - as - me de lon - xe a u -  
so de can per - di - do; eu non  
son un can de ca - za que en ten da por  
a - su - bí - - - os.


## PONTEVEDRA É BOA VILA

1  
Pontevedra é boa vila  
dá de beber a quen pasa;  
a fonte na Ferrería,  
San Bartolomeu na praza.

3  
Vivan os canteiros madre  
vivan os de Pontevedra  
que fixeron vi-la auga  
de Vigo pra Redondela.

2  
Pontevedra e boa vila  
vila de moitas señoras  
e a Virxe da Peregrina  
é a mellor entre elas todas.

♩ = 60 | ALALÁ DE PONTEVEDRA




## AÍNDA QUE SON DAS MARIÑAS

1  
Aínda que son das Mariñas,  
das Mariñas de Betanzos,  
aínda que son das Mariñas  
non che vendo garavanzos.

3  
Cando quixen, non quixeches  
agora queres, non quero,  
levara-la vida triste  
que eu ben alegre cha levo.

2  
Aínda che hei de botar unha,  
aínda che hei de botar outra,  
aínda che hei de botar unha  
que che ha de queima-la roupa.

♩ = 60 | ALALÁ DAS MARIÑAS DE BETANZOS



## COMO CHOVE MIUDIÑO

1  
Como chove miudiño,  
como miudiño chove  
pola banda de Laíño  
pola banda de Lestrove.

2  
Ponse o ceo barraloso,  
chove maino, a noite chega  
e as pingadas trenguelean  
sobre as pobres follas secas.

3  
Se chove deixa chover,  
se orballa deixa orballare  
que eu ben sei dun abriguiño  
onde me hei de ir abrigare.

4  
Debaixo da oliveira  
nin chove nin vai orballo;  
neniña, se has de ser miña  
non me deas máis traballo.

♩ = 60 | ALALÁ DE PADRÓN



## ADEUS, ADEUS NON MO DIGAS


1  
Adeus, adeus non mo digas  
que che é palabra moi triste;  
entre dous que ben se queren  
costa caro despedirse.

2  
Se o mar tivera varanda  
íate ver a Lisboa;  
como o mar non ten varandas  
onde te hei de ir ver agora?

3  
Adeus, adeus queridiña  
prenda do meu corazónhe;  
non sei se máis nos veremos  
que pra América me voue.

4  
Adeus ríos, adeus fontes  
lavadoiros de lavare;  
adeus, adeus queridiña  
que non che podo falare.

♩ = 60 | ALALÁ DA ULLA





## NON ME TIRES CON PEDRIÑAS

1  
Non me tires con pedriñas  
nin con onzas recortadas;  
xa sabes que non te quero,  
non me síga-las pisadas.

2  
Vouche da-la despedida  
miña querida Dolores;  
toma este ramo de rosas  
pra paga-los teus amores.

3  
Vouche da-la despedida  
e as pedriñas choraranhe;  
chorade, pedras, chorade  
por quen non quere chorare.

♩ = 60 | ALALÁ DA ULLA



## AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES

1  
Airiños, airiños, aires,  
airiños da miña terra;  
airiños, airiños, aires,  
airiños levaime a ela.

2  
Vamos indo, vamos indo,  
vamos andando pra ela;  
agora xa nos vai dando  
o airiño da nosa terra.

3  
Vente, ventiño do norte,  
vente, ventiño norteiro;  
vente, ventiño do norte  
sera-lo meu compañeiro.

♩ = 76 | ALALÁ DE AMES



## PASEI O MAR DA MAROLA

1  
Pasei o mar da Marola,  
meu amore por te vere;  
pasei o mar da Marola,  
a piques de me perdere.

2  
Pola pena da Marola,  
pola da Marola pena,  
pola pena de Marola,  
rema, remeiriño, rema.

3  
Pola miña porta pasa  
un regueiro de auga fría  
para lles dar de beber  
ós amores dalgún día.

♩ = 60 | ALALÁ DAS MARIÑAS DE BETANZOS



Pa - sei o mar da Ma - ro - la, ai,



meu a mo - re! por te ve - re; \_\_\_\_\_



pa - sei o mar da Ma - ro - la, ai!



a pi - ques de me per de - re. \_\_\_\_\_

## ELAS SONCHE DE LAÍÑO

1  
Elas sonche de Laíño,  
elas de Laíño sonhe;  
collen o xunco na braña,  
vano vender a Padronhe.

2  
As neniñas de Laíño  
eu direi quen elas sonhe;  
collen o xunco na braña  
vano vender a Padronhe.

♩ = 60 | ALALÁ DE LAÍÑO



E - las son - che de La -



í - ño, e - las de La - í - ño so - nhe; \_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_ co - llen o xun - co na bra - ña va - no



ven - der a Pa - dro - nhe. \_\_\_\_\_

## FOLLADELA TEN A SONA

1  
Folladela ten a sona,  
Folladela a sona *tenhe*;  
Folladela ten a sona  
de cantar e bailar *benhe*.

2  
Dáme un traguíño de viño  
que mo pide esta garganta;  
verás como canta a rula,  
verás como a rula canta.

♩ = 60 | ALALÁ DE FOLLADELA



## HEIME DE CASAR CONTIGO



1  
Heime de casar contigo  
Maruxiña, meu amore;  
heime de casar contigo  
que mo pide o corazon*he*.

2  
Heime de embarcar nun barco,  
nun barquiño de papele  
andareiche toda a vida  
para ver ó meu Manuele.

3  
O amor que ha ser meue  
ha de ter a man lixeira,  
ha de coller a rosiña  
sen abala-la roseira.

4  
A perdiz anda no monte,  
o perdigón no valado,  
a perdiz anda dicindo  
chégate a min, meu amado.

♩ = 60 | ALALÁ



## MONTERREI ESTÁ NO ALTO

1  
Monterrei está no alto  
e Verín está no baixo;  
Nosa Señora da Estrela  
está nun campiño raso.

2  
Do outro lado do río  
sentín cantar e choreie  
eran os meus amoriños  
que ían pra Monterreie.

3  
Os amores dalgún día  
foron de cara pró Norte,  
mais os que agora viñeron  
esquecereinos coa morte.

♩ = 60 | ALALÁ DE MONTERREI




## TEÑO UNHA CASIÑA BRANCA

1  
Teño unha casiña branca  
na Mariña entre loureiros;  
teño casa e teño amores;  
estou vivindo no ceo.

2  
Adeus á miña casiña  
portelo do meu quinteiro;  
auga da miña fontíña  
sombra do meu laranxeiro.

3  
Adeus, estrela brillante  
compañeiraíña da lúa;  
moitas caras teño visto  
mais coma a túa ningunha.

♩ = 60 | ALALÁ DAS MARIÑAS DE BETANZOS




# CANTOS DE LABOR

1  
Nosa Señora da Barca,  
Nosa Señora valeime  
que estou no medio do mare  
non hai barqueiro que reme.

3  
Santo Cristo de Fisterra,  
Santo da barba dourada,  
axudaime a remontare  
a laxe da Touriñana.

2  
Eu fun abala-la pedra,  
a pedra fun abalare,  
eu fun abala-la pedra  
que está no medio do mare.

♩ = 60 | ALALÁ DE MUXÍA



## Índice

- 37 Eu ben vin esta-lo cuco  
38 Rapaza, se vas arar  
39 Estrelíña do luceiro  
40 Meu cabaliño, cabalo  
41 Hei de ir á túa seitura  
42 Anque veño da seitura  
43 Hei de ir ás segas a Lugo  
44 Unha noite me colleron  
45 Fía, miña roca, fía  
46 O ferreiro vai fóra  
47 Tascadora do meu liño  
48 Ai, Carmiña, Carme · *Refrán*  
49 Teño de ir e vir ó Marco  
50 Tirulará Pepiño  
51 Aí vén o barco do mar  
52 Barqueiros de Ribadavia

## EU BEN VIN ESTA-LO CUCO

- |   |  |   |   |
|---|--|---|---|
| 1 | Eu ben vin esta-lo cuco<br>na rabela do arado;<br>as mulleres entre os homes<br>é gando moi mal gardado. | 3 | Canta, paxariño, canta<br>na rabela do arado;<br>os mocíños que hai agora<br>teñen muxicas no rabo.       |
| 2 | Para a semana que vén<br>hei de ara-la miña roza;<br>rego abaixo, rego arriba<br>coa miña vaquiña roxa.  | 4 | A muller traballadora<br>e que tamén é calada,<br>non sabe o home que a leva<br>qué boa sorte lle agarda. |

♩ = 60 | CANTO DE ARADA

The musical score is written in G minor (one flat) and 2/4 time. It consists of four staves of music with lyrics underneath. The first staff begins with a treble clef, a key signature of one flat, and a 2/4 time signature. The melody starts with a quarter rest, followed by a quarter note G4, a quarter note A4, and a quarter note B4. The second staff continues with a quarter note C5, a quarter note B4, a quarter note A4, and a quarter note G4. The third staff starts with a quarter rest, followed by a quarter note G4, a quarter note A4, and a quarter note B4. The fourth staff continues with a quarter note C5, a quarter note B4, a quarter note A4, and a quarter note G4. The lyrics are: "Eu ben vin es - ta - lo cu - co na ra - be - la do a - ra - do; — as mu - lle - res en - tre os ho - mes é gan - do moi mal gar - da — do. —".

## RAPAZA, SE VAS ARAR

1  
Rapaza, se vas arare,  
prestareiche o meu arado;  
tenche gueifas e penedos,  
tache moi aparelado.

2  
Rapaza se vas arare  
a aquela leira do souto  
prestareiche o meu arado  
e mailos bois por un pouco.

3  
Sei arar cun bo arado  
poñer dereita a rabela;  
atrás Roxa máis un pouco  
báixate ó rego Marela.

♩ = 66 | CANTO DE ARADA

Musical notation for 'RAPAZA, SE VAS ARAR'. The score is in 2/4 time with a key signature of one sharp (F#). It consists of four staves of music. The lyrics are written below the notes. There are triplets and a 'ten.' (tenuto) marking in the notation.

Ra - pa - za, se vas a -  
ra - re, pres - ta - rei - che o meu a - ra do;  
— ten - che guei - fas e pe - ne - dos ta - che  
moi a - pa - re - lla - do.

## ESTRELIÑA DO LUCEIRO

1  
Estreliña do luceiro,  
estrela da claridade;  
vaise o día, vaise a noite,  
vaise a nosa mocidade.

2  
Adeus, estrela brillante  
compañeiríña da lúa;  
moitas caras teño visto  
mais como a túa ningunha.

3  
Eu ben vin rai-lo sole  
por riba daquel penedo;  
deberán se-los teus ollos  
porque non raia tan cedo.

4  
Aluméame, alumea,  
estrelíña da fartura,  
aluméame, alumea  
mentres que non vén a lúa.

♩ = 56 | CANTO DE ARRIEIRO

Musical notation for 'ESTRELIÑA DO LUCEIRO'. The score is in 6/8 time with a key signature of one sharp (F#). It consists of four staves of music. The lyrics are written below the notes. There are triplets and a 'ten.' (tenuto) marking in the notation.

Es - tre - li - ña do lu -  
cei - ro, es - tre - la da cla - ri - da  
de; vai - se o dí - a, vai - se a noi - te, vai - se a  
no - sa mo - ci - da de.

## MEU CABALIÑO, CABALO

1  
Meu cabaliño, cabalo,  
quen te me dera no cabo;  
meu cabaliño redondo  
quen te me dera no fondo.

2  
Meu cabaliño, cabalo,  
eu non te podó entender;  
heiche de corta-las pernas  
pra que non poidas correre.

3  
Heiche de corta-las pernas,  
as pernas che hei de cortar;  
heiche de corta-las pernas  
pra que non poidas andar.

♩ = 60 | CANTO DE SEITURA



Meu ca - ba - li - ño, ca - ba \_



lo, quen te me de - ra no \_ ca - bo;



\_ meu ca - ba - li \_ ño re - don -



do quen te me de - ra no \_ fon - do. \_


## HEI DE IR Á TÚA SEITURA

1  
Hei de ir á túa seitura,  
hei de ir á túa segada;  
hei de ir á túa seitura  
que a miña vai acabada.

2  
Ó cabo leiriña, ó cabo  
ó cabo leira de trigo  
que se o amo é honrado  
hanos pagar a cuartillo.

3  
Este éche o son da sega  
este éche o son de segare  
este éche o son que cantan  
as nenas do meu lugare.

♩ = 60 | CANTO DE SEITURA



Hei de ir á tú - a \_ sei - tu - ra,



\_ hei de ir á tú - a se - ga - da;



\_ hei de ir á tú - a \_ sei - tu - ra \_



\_ que a mi - ña vai a - ca - ba - da.

## ANQUE VEÑO DA SEITURA

1  
Anque veño da seitura,  
anque veño da segada,  
anque veño da seitura  
aínda non veño cansada.

2  
Mozas que van á seitura,  
mozas que á seitura van*he*,  
mozas que van á seitura  
lévana e non a tran*he*.

3  
Son horas da merendiña  
son horas de merendare,  
son horas da merendiña  
e aínda non veu o xantare.

4  
A porta do noso amo  
hai un ramiño de olivas;  
viva, viva o noso amo  
e tamén a súa cuadrilla.


♩ = 60 | CANTO DE SEITURA



An - que ve - ño da sei - tu - ra,



an - que ve - ño da se - ga - da, —



an - que ve - ño da sei - tu - ra



aín-da non ve - ño can - sa - da. —

## HEI DE IR ÁS SEGAS A LUGO

1  
Hei de ir ás segas a Lugo  
e hei de levar a galega;  
de día sega no pan*he*  
de noite durmo con ela.

2  
Ruxa o ferro, ruxa o ferro  
ruxa o ferro e corra o Norte;  
o diñeiro do meu amo  
non se gana nesta sorte.

3  
Delgadiña da cintura  
coma a palla do centeo;  
chégate a min, delgadiña,  
que te engordo polo medio.

4  
A muller que me a min queira  
ha de ter bo corazón*he*,  
a boquiña pequeniña  
e os ollos de pasión*he*.

♩ = 60 | CANTO DE SEITURA



Hei de ir ás se - gas a Lu - go e hei



de le - var a ga — le - ga; —



de dí - a se - ga no pan - *he* de



noi - te dur - mo con e - la. —

## UNHA NOITE ME COLLERON

1  
Unha noite me colleron  
outra non me collerán;  
unha noite me colleron  
nunha fiada de lan.

2  
Esta noite hai unha fía  
tamén hai unha espadela;  
os ollos da miña roxa  
toda a noite están en vela.

3  
Esta noite hai unha fía,  
non vou por fiar na roca;  
vou por tocar o pandeiro  
que esta noite a min me toca.

4  
Esta noite hei de ir aló,  
neniña, non teñas medo  
déixame a porta atrancada  
cunha palla de centeo.

♩ = 60 | CANTO DE FÍA

U - nha noi - te me co - lle - ron  
ou - tra non me co - lle - rán; u - nha noi - te  
me co - lle - ron nu - nha fi - a - da de  
lan nu - nha fi - a - da de lan.

## FÍA, MIÑA ROCA, FÍA

1  
Fía, miña roca, fía  
que eu son boa fiadora;  
cada día fío un fío,  
cada mes unha mazorga.

2  
Voume por aquí abaixo,  
voume por aquí arriba,  
fiando na miña roca,  
gobernando a miña vida.

♩ = 60 | CANTO DE FÍA

Fí - a, mi - ña ro - ca, fí - a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ que eu son bo - a fi - a - do - ra \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ ca - da dí - a fí - o un fí - o \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ ca - da mes u - nha ma - zor - ga. \_\_\_\_\_

## ○ FERREIRO VAI FÓRA

1  
O ferreiro vai fóra,  
o ferreiro vai fóra  
e a muller tamén, *mira Pepa*,  
e a muller tamén.

2  
Vai facer unha nena,  
vai facer unha nena  
e non lle saíu ben, *mira Pepa*,  
e non lle saíu ben.

3  
Saíu cega dun ollo,  
saíu cega dun ollo  
trenca dos pés tamén, *mira Pepa*,  
trenca dos pés tamén

4  
*Estróupele, estroupelear*  
*que vén o tempo do liño mazar.*

♩ = 80 | CANTO DE TASCA-LO LIÑO

O fe-rrei-ro vai fó-ra, o fe-rrei-ro vai  
fó-ra e a mu-ller ta-mén, *mi-ra Pe-pa*,  
e a mu-ller ta-mén. Es-trou-pe-le es-trou-pe-le-  
ar que vén o tem-po do li-ño ma-zar.

## TASCADORA DO MEU LIÑO

1  
Tascadora do meu liño,  
táscamo ben tascadiño;  
a camisa do meu home  
ha de ser de lenzo fino.

2  
Teño un niño dun carrizo  
no porreiro das cebolas;  
vente, carriciño, vente,  
vamos ve-las tascadoras.

3  
Tascadoras do meu liño  
dádelle máis unha volta  
que anque quede no forno  
anque quede non importa.

♩ = 60 | CANTO DE TASCA-LO LIÑO

Tas-ca-do-ra do meu li-ño,  
tás-ca-mo ben tas-ca-di-ño;  
a ca-mi-sa do meu ho-me  
ha de ser de len-zo fi-no.

## AI, CARMĨÑA, CARME

1.3.5.7.9

*Ai, Carmiña, Carme,  
Carmiña, Carmela!  
ven bailar, Carmiña  
e mais trae a nena;  
e mais trae a nena,  
e mais trae a nena  
que anque non é miña  
deséxochela.*

♩ = 80 | CANTO DE LABOR: A ESFOLLA DO MILLO



Ai, Car - mi - ña, Car-me, Car - mi - ña, Car -



me - la! ven bai - lar Car-mi - ña e mais trae a



ne - na; e mais trae a ne - na e mais trae a ne - na



an - que non é mi - ña de - se - xo - che ve - la.

## TEÑO DE IR E VIR Ó MARCO

2

Teño de ir e vir ó Marco  
pola colleita do millo;  
teño de ir e vir ó Marco,  
do Marco non me despido.

4

Acabáronse as vendimas  
e veñen as esfoladas  
para comer coas nenas  
catro castañas asadas.

6

Esfollémo-lo maínzo  
e deixémonos de contos;  
aí vén a señora ama  
cun paxo e medio de zonchos.

8

As esfoladas de noite  
non dan ganancia a ninguenhe  
mandei a muller a unha  
e esfoláronma tamenhe.



Te - ño de ir e vir ó Mar - co



po - la co - llei - ta do mi - llo; \_\_\_



te - ño de ir e vir ó Mar - co



do Mar - co non me des - pi - do. \_\_\_

## TIRULARÁ, PEPIÑO

1  
Tirulará, Pepiño,  
irémo-los dous cantando  
eu teño unha madeixiña  
irémola debandando.

2  
Irémola debandando;  
éche de fío negro  
que ma deron as nenas  
para bordar un cesto.

3  
Para bordar un cesto,  
para bordar un pano  
que ma deron as nenas  
ai, o ano pasado!

♩ = 80 | CANTO DE LABOR: DEBANDANDO

Musical notation for 'Tirulará, Pepiño' in 2/4 time, featuring a treble clef and a key signature of one flat. The melody is written on a single staff with lyrics underneath. The piece concludes with a double bar line and repeat dots.

Ti - ru - la - rá, Pe - pi - ño, i -  
ré - mo - los dous can - tan - do eu te - ño u - nha ma - dei -  
xi - ña i - ré - mo - la de - ban - dan - do.

## AÍ VÉN O BARCO DO MAR

1  
Aí vén o barco do mare,  
aí vén a sardiña toda;  
aí vén o meu mariñeiro  
vén sentadiño na proa.

2  
Aí vén o vento do mare,  
aí vén o vento mareiro;  
aí vén o meu queridiño  
vestido de mariñeiro.

♩ = 68 | CANTO DE LABOR: O MARIÑEIRO

Musical notation for 'Aí vén o barco do mar' in 2/4 time, featuring a treble clef and a key signature of one flat. The melody is written on a single staff with lyrics underneath. The piece concludes with a double bar line and repeat dots.

Aí vén o bar - co do  
ma - re, aí vén a sar - di - ña to - da; —  
— aí vén o meu ma - ri - ñei - ro, vén sen -  
ta - di - ño na pro - a. —

# PANDEIRADAS

1  
Barqueiros de Ribadavia  
vídeme pasar a min*he*  
que veño de Santa Rosa  
e vou pró San Agustín*he*.

2  
San Hadrián é barqueiro  
barqueiro é San Hadrian*he*;  
San Hadrián é barqueiro  
que leva o remo na man*he*.

3  
Desoutro lado do río  
teño unha parriña de uvas,  
e o barqueiro non me pasa,  
e elas caen de maduras.

4  
Do outro lado do río,  
o meu pai ten un palleiro;  
cada vez que vai alí  
ten que paga-lo barqueiro.

♩ = 74 | CANTO DE LABOR: O BARQUEIRO




Bar - quei - ros de \_\_\_\_ Ri - ba - da - via



\_\_\_\_ ví - de - me pa - sar a mi - n*he* \_\_\_\_



\_\_\_\_ que ve - ño de San - ta Ro - sa \_\_\_\_



e vou pró San A - gus - ti - n*he*. \_\_\_\_



## Índice

- 55 Debaixo da miña cama  
56 O canteiro pica, pica  
57 Arrimeina ó valado  
58 Moito miras para min  
59 Costureiriña bonita  
60 Heicho de dar que o teño  
61 Micaela vai á fonte  
62 Ó pasa-la ponte Castro  
63 Prende, salgueiriño, prende  
64 A subila e a baixala  
65 Manuel, Manueliño  
66 A raíz do toxo verde  
Encomecemos-la pandeirada · *Refrán*  
68 Ó muíño do meu pai  
Rabeaches pola peneira · *Refrán*  
70 Paxaro que vas voando

## DEBAIXO DA MIÑA CAMA

- |   |   |   |  |
|---|---|---|--|
| 1 | Debaixo da miña cama<br>teño o coiro dunha lebre<br>e ti debaixo da túa<br>te-lo demo que te leve.  | 3 | Debaixo da miña cama<br>teño o coiro dunha lontra<br>e ti debaixo da túa<br>te-lo demo que te monta. |
| 2 | Debaixo da miña cama<br>teño o coiro dunha cabra<br>e ti debaixo da túa<br>te-lo demo que che fala. | 4 | Debaixo da miña cama<br>teño o coiro dun coello<br>e ti debaixo da túa<br>te-lo vello colgarello.    |

♩ = 108 | PANDEIRADA



## ○ CANTEIRO PICA, PICA

1  
O canteiro pica, pica  
pica na pedra miúda,  
pica na muller allea  
e outro lle pica na súa.

2  
Canteiros de Pontevedra  
onde estades ben vos vedes;  
por unha nena bonita  
furades sete paredes.

3  
Manuela, Manueliña,  
a filla doutra Manuela;  
tíña-la casa caída,  
ándanche os canteiros nela.

4  
Namoreime dun canteiro,  
namoreime dunha pedra,  
namoreime dun canteiro  
cando o vin picando nela.

♩ = 108 | PANDEIRADA



## ARRIMEINA Ó VALADO


1  
Arrimeina ó valado  
á filla do labradore  
arrimeina ó valado  
e viróuselle a colore.

2  
María ten boas pernas  
que llas vin no arredore;  
non vin pernas coma elas  
na filla dun labradore.

3  
Sei cantar e sei bailare,  
sei toca-lo pateado;  
son filla don labradore  
sei poñe-los bois ó carro.

4  
Son filla don labradore  
sei poñe-los bois ó carro;  
se me rompe a chavella  
virolla do outro lado.

♩ = 108 | PANDEIRADA



## MOITO MIRAS PARA MIN


1  
Moito miras para min*he*,  
sei que me queres comere  
non son broa nin molete  
nin viño para beber.

2  
Moito miras para min*he*,  
moito me chósca-lo ollo;  
son criada de servizo  
non podo atender a todo.

3  
O patrón botoume fóra  
e non foi por cousa mala  
que foi por molla-la pluma  
no tinteiro da criada.

4  
Moito tocas, moito cantas,  
moito tóca-lo pandeiro,  
eses son os becerraños  
que che curten o tinteiro.

♩ = 106 | PANDEIRADA



## COSTUREIRIÑA BONITA


1  
Costureiriña bonita  
dáme das túas agullas;  
eu che darei alfinetes  
para prenda-las costuras.

2  
O amor da costureira  
era papel e mollouse,  
agora, costureiriña,  
o teu amor acabouse.

3  
Costureiriña bonita  
que a palacio foi cosere;  
no primeiro corredore  
xa lle deron que facere.

4  
Costureiriña bonita  
onde te-la túa cama?  
No poleiro das galiñas  
nunha presíña de palla.

♩ = 106 | PANDEIRADA



## HEICHO DE DAR QUERIDIÑO

1  
Heicho de dar queridiño,  
heicho de dar que o teño,  
papas de millo miúdo  
feitas no pote pequeno.

2  
Heiche de dar, queridiña,  
heiche de dar perindengues,  
heiche de dar, queridiña  
aquilo que xa me entendes.

3  
Heicho de dar queridiño,  
que o teño ben gardado;  
heicho de dar que o teño,  
un caravel encarnado.

4  
Heiche de da-lo boi louro  
e maila vaca marela  
e maila filla máis nova  
se non quérela máis vella.

♩ = 120 | PANDEIRADA



## MICAELA VAI Á FONTE


1  
Micaela vai á fonte  
e o cura vai tras dela;  
tamén ó cura lle gusta  
o andar de Micaela.

2  
O cura de Andavao  
non ten camisa lavada  
pídella ó de Cardeiro  
que ten sete na bogada.

3  
O cura cando vai fóra  
déixalle dito á criada:  
veña tarde, veña cedo  
déitate na miña cama.

4  
Ó caravel cando nace  
chámanlle caraveliño;  
tamén os fillos dos curas  
chámanlle o pai señor tío.

♩ = 120 | PANDEIRADA



## Ó PASA-LA PONTE CASTRO

1  
Ó pasa-la Ponte Castro  
puxen a man no cicle;  
vin ós mocíños de Arceue  
non vin ó meu Manuele.

2  
Ó pasa-la Ponte Castro  
paseina de mala gana;  
aló queda quen me quere  
aló queda na outra banda.

3  
Heime de casar pra Castro,  
terriña de moita leña,  
hei de facer un feixiño  
pra cando a ramboia veña.

4  
Pasei a Ponte Maceira  
cunha vela acendida;  
agora tomei amores  
para toda a miña vida.

♩ = 108 | PANDEIRADA



## PRENDE SALGUEIRIÑO, PRENDE

1  
Prende, salgueiriño, prende  
naquela fonte pequena  
que tamén os meus ollíños  
prenden nos daquela nena.

2  
Prende o salgueiro de rama  
e o abeneiro de raice;  
tamén os meus ollos prenden  
no corazón de Luise.

3  
A raíz do toxo prende  
anque sexa no camiño;  
tamén os meus ollos prenden  
coa forza do cariño.

♩ = 108 | PANDEIRADA



## A SUBILA E A BAIXALA

1  
A subila e a baixala  
a costa de Reboreda;  
a subila e a baixala  
perdín a cinta do pelo.

2  
Manueliño, se te vase  
déixame unha prenda túa;  
déixame a túa navalla  
pra ir cortando a verdura.

3  
De Portugal me mandaron  
unha camisa moi feita  
cun caravel encarnado  
na fita da manga dreita.

4  
Este lugar da Regueira  
andeino de pedra en pedra  
cunha cintiña na man<sup>he</sup>  
e unha vara verde nela.

♩ = 96 | PANDEIRADA



## MANUEL, MANUELIÑO

1  
Manuel, Manueliño,  
meu Manuel feito de cera;  
quen me dera se-lo lume  
que ó meu Manuel derretera.

2  
Manuel, Manueliño,  
Manuel me han de dare;  
se non me dan a Manuele  
solteiriña hei de quedare.

3  
Manuel, meu Manueliño,  
meu rosario da cadea;  
cando vexo o meu Manuele  
vexo a miña casa chea.

4  
Manuel, Manueliño,  
do caravel da monteira.  
Quen cho dou, Manueliño?  
Deumo a caraveleira.

♩ = 108 | PANDEIRADA



## A RAÍZ DO TOXO VERDE

1  
A raíz do toxo verde,  
é moi mala de arrincare  
e os amoríños primeiros,  
son moi malos de olvidare.

2  
*Ai, lalalalala! Ai, lalalalalá!*  
*encomécemo-la pandeirada*  
*encomécemo-lo baile xa.*

3  
A rapaza caladiña  
que non di mal de ninguenhe,  
canto máis baixiño mira  
tantos máis amores tenhe.

4  
*Ai, lalalalala! Ai, lalalalalá!*  
*encomécemo-la pandeirada*  
*encomécemo-lo baile xa.*

5  
O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira,  
así fai a boa moza  
cando non ten quen a queira.

6  
*Ai, lalalalala! Ai, lalalalalá!*  
*encomécemo-la pandeirada*  
*encomécemo-lo baile xa.*

7  
Porque me vexas con outro  
non me pérda-lo cariño  
que onde che fan moito lume  
sempre queda un rescaldiño.



8  
*Ai, lalalalala! Ai, lalalalalá!*  
*encomécemo-la pandeirada*  
*encomécemo-lo baile xa.*

9  
Algún día fuches miña  
e agora véñote vere  
que che quero preguntare  
se me volves a querere.

10  
*Ai, lalalalala! Ai, lalalalalá!*  
*encomécemo-la pandeirada*  
*encomécemo-lo baile xa.*

11  
Pola miña porta pasa  
un regueiro de auga fría  
pra lle dare de beberere  
ós amores de algún día.

♩ = 114 | PANDEIRADA



## Ó MUIÑO DO MEU PAI

1  
Ó muíño do meu paie  
eu ben lle sei o tempero  
cando está alto baixalo  
cando está baixo erguelo.

2  
*Rabiaches pola peneira,  
rabiaches por peneirar,  
rabiaches por ter amores,  
rabiaches por te casar.*

3  
Unha nena nunha fonte  
por unha verza bebía,  
a verza estaba rachada  
toda a auga lle vertía.

4  
*Rabiaches pola peneira,  
rabiaches por peneirar,  
rabiaches por ter amores,  
rabiaches por te casar.*

5  
Maruxiña, Maruxiña  
xa vai boa que te espero;  
cando queiras enfornar  
tamén ha de ser se eu quero.

6  
*Toleaches pola peneira,  
toleaches por peneirar,  
toleaches por ter amores,  
toleaches por te casar.*

7  
Miña cuñadiña nova  
meu irmán éche pequeno,  
se queres que medre logo,  
levaraslle o almorzo cedo.

8  
*Toleaches pola peneira,  
toleaches por peneirar,  
toleaches por ter amores,  
toleaches por te casar.*

9  
Mala feira fixo Rosa  
por facer non fixo nada  
de solteira roupa nova  
de casada remendada

10  
*Toleaches pola peneira,  
toleaches por peneirar,  
toleaches por ter amores,  
toleaches por te casar.*

11  
Do queixo non che me queixo  
que o queixo ben che me sabe  
qu'èixome de quen mo vende,  
que non che mo dá de balde.

12  
*Toleaches pola peneira,  
toleaches por peneirar,  
toleaches por ter amores,  
toleaches por te casar.*

♩ = 96 | PANDEIRADA



1  
Paxaro que vas voando  
e levas fío no pico  
tráeme un pouco pra cosere  
o meu corazón ferido.

2  
Paxaro que vas voando  
por riba do pumariño  
has de levar esta carta  
ó cura de San Martiño.

3  
Paxaro que vas voando  
as plumas che van caendo  
quen contigo come e bebe  
por detrás vaite vendendo.

4  
Paxaro mixiriqueiro  
que estás na punta do toxo  
moito che gustan as mozas,  
aquelas do pelo roxo.

♩ = 120 | PANDEIRADA



Pa - xa - ro que vas vo - an - do



e le - vas fí - o no pi - co




tráe - me un pou - co pra co - se - re



o meu co - ra - zón fe - ri - do.

# MUIÑEIRAS NOVAS



- 73 Has de cantar á beira do río  
 74 Peneirei, peneirei por un cribo  
 75 Véndeme os bois e véndeme as vacas  
 76 Unha noite no muíño  
 77 Fun ó muíño con Paula  
 78 Murmuraban as miñas veciñas  
 80 Fun á taberna do meu compadre  
 81 E pousa, pousa, pousa · *Refrán*  
 82 Este é o tempo de tróupele, tróupele  
 83 Sete cuncas de papas de millo  
 84 Berducido, Berducido  
 85 Baila, nena, baila, nena  
 86 Aló arriba naquela peneda  
 87 Aló arriba naquela montaña  
 88 Unha vella tiña un can

1

Has de cantar á beira do río,  
 ó son das ondiñas do campo florido;  
 has de cantar á beira do mar  
 ó son das ondiñas que veñen e van.

2

Has de cantar aló na ribeira,  
 has de cantar meniña solteira;  
 has de cantar e has de cantar,  
 has de cantar que cho hei de dar.

♩. = 96 | MUIÑEIRA



Has de can - tar á bei - ra do



rí - o, ó son - das on - di - ñas do cam - po flo -



ri - do; has de can - tar á bei - ra do



mar - ó son das on - di - ñas que ve - ñen e van.

## PENEIREI, PENEIREI POR UN CRIBO

1

Peneirei, peneirei por un cribo,  
fixen un pan de relón coma trigo;  
peneirei, amasei e enfornei  
pra comelo na festa contigo.

2

Fun ó muíño, fun que non ía  
non me vou sen a miña fariña;  
fun ó muíño, fun que non fora,  
non me vou sen a fariña toda.

♩ = 106 | MUIÑEIRA



Pe - nei - rei, pe - nei - rei por un



cri - bo, fi - xen un pan de re - lón co - ma



tri - go; pe - nei - rei, a - ma - sei e en - for - nei pra co -



me - lo na fes - ta con - ti - go.

## VÉNDEME OS BOIS E VÉNDEME AS VACAS

1

Véndeme os bois e véndeme as vacas  
e non me vénda-lo pote das papas;  
que se mo vendes ou se mo empeñas  
á miña casa non quero que veñas.

2

Véndeme as cuncas maillo cunqueiro  
e non me vénda-lo meu tabaqueiro;  
que se mo vendes ou se mo empeñas  
á miña casa non quero que veñas.

♩ = 106 | MUIÑEIRA



Vén - de - me os bois e vén - de - me as



va - cas e non me vén - da - lo po - te das



pa - pas; que se mo ven - des ou mo em -



pe - ñas á mi - ña ca - sa non que - ro que ve - ñas.

## UNHA NOITE NO MUIÑO

1

Unha noite no muiño, *quiquiriquí*,  
unha noite non é nada, *cacaracá*,  
unha semana enteira, *quiquiriquí*,  
esa si que é muiñada, *cacaracá*.

2

*Cantar pirulí, ai, quiquiriquí;*  
*cantar pirulá, ai, cacaracá.*

3

Unha noite no muiño *quiquiriquí*,  
outra na pedra do lar; *cacaracá*,  
esta vida, queridiña, *quiquiriquí*,  
eu non cha pododo levar, *cacaracá*.

4

*Cantar pirulí, ai, quiquiriquí;*  
*cantar pirulá, ai, cacaracá.*

5

Non che quero ser muiñeiro, *quiquiriquí*,  
nin varre-lo tremiñado, *cacaracá*,  
que despois no outro mundo, *quiquiriquí*,  
piden conta do roubado, *cacaracá*.

6

*Cantar pirulí, ai, quiquiriquí;*  
*cantar pirulá, ai, cacaracá.*

7

No muiño onde eu moio, *quiquiriquí*,  
tamén moe unha rendeira, *cacaracá*,  
bótalle grao, queridiña, *quiquiriquí*,  
sube ben a tenxedeira, *cacaracá*.

♩. = 96 | MUIÑEIRA



U - nha - noi - te no mu -  
se - ma - ni - ña en -



í - ño, qui - qui - ri - quí, u - nha  
tei - ra qui - qui - ri - quí e - sa




noi - te non é na - da, ca - ca - ra -  
si que é mu - i - ña - da, ca - ca - ra -



cá, u - nha cá. Can - tar pi - ru -



lí, ai, qui - qui - ri - quí! can - tar pi - ru -



lá, ai, ca - ca - ra - cá!

## FUN Ó MUIÑO CON PAULA

1  
Fun ó muiño con Paula,  
fun ó muiño con ela,  
fun ó muiño con Paula  
e durmín nos brazos dela.

2  
Fun ó muiño con Paula,  
fun ó muiño con ela,  
fun ó muiño con Paula  
fun en paz e vin en guerra.

3  
Unha noite no muiño  
unha noite non é nada;  
con dúas rapazas solteiras  
esa si que é muiñada.

4  
Unha noite no muiño  
cun fato de nenas novas;  
elas todas en camisa  
e eu no medio en cirolas.

♩ = 106 | MUIÑEIRA




## MURMURABAN AS MIÑAS VECIÑAS

1  
Murmuraban as miñas veciñas  
que me viran co crego nas viñas  
ese é o deño que o arrenego  
nunca me viron nas viñas co crego.

2  
Murmuraban as miñas veciñas  
que eu un asunto co crego si tiña  
iso é verdade, eu non o nego  
que eu sempre andei en loitas co crego.

♩ = 106 | MUIÑEIRA



## FUN Á TABERNA DO MEU COMPADRE

1

Fun á taberna do meu compadre,  
fun polo vento e vin polo aire  
e como é cousa de encantamento  
fun polo aire e vin polo vento.

3

Cando me case xa teño un galo,  
xa miña nai non me ten que dalo;  
cando me case xa teño un polo,  
xa miña nai non me ten que dar todo.

♩. = 106 | MUIÑEIRA



Fun á ta - ber - na do meu com - pa -



dre, fun po - lo ven - to e vin po - lo



ai - re e co - mo é cou - sa de en - can - ta -



men - to fun po - lo ai - re e vin po - lo ven - to.

## E POUA, POUA, POUA

2

*E poua, poua, poua  
e non me toques naquela cousa;  
e poua, poua axiña  
e non me toques naquela cousiña.*

4

*E poua, poua, poua  
e non me negues aquela cousa;  
e poua, poua axiña  
e non me negues aquela cousiña.*



E - pou - sa, pou - sa,



pou - sa e non me to - ques na - que - la cou - sa; —



— e pou - sa, pou - sa a - xi - ña e non me



to - ques na - que - la cou - si - ña.


E

## ESTE É O TEMPO DO TRÓUPELE, TRÓUPELE

1  
Este é o tempo do tróupele, tróupele,  
este é o tempo de troupelear;  
este é o tempo de maza-lo liño,  
este é o tempo do liño mazar.

2  
Xa vén o tempo de maza-lo liño,  
xa vén o tempo do liño mazar,  
xa vén o tempo, rapazas do Miño,  
xa vén o tempo de se espreguizar.

♩ = 106 | MUIÑEIRA




## SETE CUNCAS DE PAPAS DE MILLO

1  
Sete cuncas de papas de millo  
unha vella comeu;  
rebentoulle o cordón do xustillo  
de tanto que encheu.

2  
Tiña fame, comeu outras sete  
e despois recuncou;  
fixo coma un foguete no aire,  
chispún! e estoupou.

♩ = 116 | MUIÑEIRA





## ALÓ ARRIBA NAQUELA PENEDA

1

Aló arriba naquela peneda  
ándache un galo e unha pita negra;  
o galo canta e a pita berra:  
este é o demo que che anda na terra.

2

Acolá arriba naquel outeiro  
hai un niño de lagarteiro;  
funo a ver e non tiña nada,  
malia o pai que m'a filla non daba.

♩. = 106 | MUIÑEIRA



## ALÓ ARRIBA NAQUELA MONTAÑA

1

Aló arriba naquela montaña  
estaba o golpe na súa paraña  
coa súa aira, coas súas medas,  
coa súa corte chea de ovellas.

2

Acolá arriba entre aquelas penas  
haivos un galo con tres polas negras;  
o galo canta, a galiña chora  
porque lle dormen os pitiños fóra.

♩. = 96 | MUIÑEIRA



# XOTAS

1  
 Unha vella tiña un can  
 debaixo da cama onde ela durmía;  
 cando a vella despertaba  
 o can ladraba e a vella dicía:  
 Malo raio te parta, ou can!  
 que pouco agradece-lo ben que che fan.

♩. = 106 | MUIÑEIRA



U - nha ve - lla ti - ña un



can de - bai - xo da ca - ma on de e - la dor -



mí - a can - do a ve - lla es - per - ta - ba o can la -



dra - ba e a ve - lla di - cí - a: ma - lo ra - io te par - ta, ou



can! que pou - co a - gra - dé - ce - lo ben que che fan.

- 91 O raposo está chorando  
 92 Rapaza se vas arar · *Punto*  
 Anda, Maruxiña · *Volta*  
 94 Se quére-la boa moza · *Punto*  
 Aí che vai, Maruxiña · *Volta*  
 96 Eu ben cho dixen, rapaza · *Punto*  
 Ai, Maruxiña · *Volta*  
 98 Carmiña, Carmiña, Carme · *Punto*  
 Carmiña, Carmela · *Volta*  
 100 Agora que foi e foi · *Punto*  
 Aí vai Manuel · *Volta*  
 102 Pasei pola túa porta · *Punto*  
 Apaga o candil · *Volta*  
 104 Andivécheste alabando · *Punto*  
 Aló vén o gaiteiro · *Volta*  
 106 Non sei que ten a morena · *Punto*  
 E viro e viro · *Volta*

○ RAPOSO ESTÁ CHORANDO

- |  |  |
|--|--|
| <p>1<br/>                 O raposo está chorando<br/>                 no alto de Carballiñas<br/>                 que lle leven unhas zocas<br/>                 que lle pican as espiñas.</p> | <p>3<br/>                 Velaí vai, velaí vai<br/>                 a raposa polo millo;<br/>                 ela di que non fai nada<br/>                 pero vaino sacudindo.</p> |
| <p>2<br/>                 A raposa vai pró monte<br/>                 pola rodeira do carro<br/>                 leva os ollos na cabeza<br/>                 e o cu debaixo do rabo.</p>      | <p>4<br/>                 Velaí vai, velaí vai<br/>                 a raposa polo prado;<br/>                 velaí vai, velaí vai<br/>                 co seu rabo recachado.</p>   |

♩ = 69 | XOTA



O ra - po - so es - tá \_\_\_ cho - ran - do



no al - to de Car - ba - lli - ñas



que lle le - ven u - nhas zo - cas que



\_\_\_ lle pi - can as \_\_\_ es - pi - ñas.

## RAPAZA SE VAS A ARAR

1  
Rapaza se vas arare  
a aquela leira do souto  
prestareiche o meu arado  
e maillos bois por un pouco.

2  
*Anda, Maruxiña,  
remenda o refaixo  
que o traes rachado  
por riba e por baixo;  
por riba e por baixo  
por todo o arredore;  
anda, Maruxiña  
reméndao mellore.*

3  
Rapaza se vas arare  
prestareiche o meu arado  
tenche gueifas e penedos  
está moi aparelado.

4  
*Anda, Maruxiña,  
remenda o refaixo  
que o traes rachado  
por riba e por baixo;  
por riba e por baixo  
por todo o arredore;  
anda, Maruxiña  
reméndao mellore.*




5  
Son filla dun labradore  
sei poñe-los bois ó carro,  
se me rompe a chavella  
vírolla do outro lado.

6  
*Anda, Maruxiña,  
remenda o refaixo  
que o traes rachado  
por riba e por baixo;  
por riba e por baixo  
por todo o arredore;  
anda, Maruxiña  
reméndao mellore.*

7  
Sei cantar e sei bailare  
sei toca-lo pateado;  
son filla dun labradore  
sei poñe-los bois ó carro.

8  
*Anda, Maruxiña,  
remenda o refaixo  
que o traes rachado  
por riba e por baixo;  
por riba e por baixo  
por todo o arredore;  
anda, Maruxiña  
reméndao mellore.*

♩. = 66 | XOTA



## SE QUÉRE-LA BOA MOZA

1

Se quere-la boa moza  
non vaias non vaias á romaría;  
vaina buscar á súa casa  
na roupa de cada día.

2

*Aí che vai, Maruxiña!  
aí che vai, aí che vai!  
aí che vai, Maruxiña!  
no curral de teu pai;  
no curral de teu pai  
encirraronme o can  
e saíu miña sogra  
cunha tranca na man;  
cunha tranca na man  
e un zapato no pé  
ela quere-me male  
e eu ben sei porque é.*

3

Se quere-la boa moza  
non vaias por ela á feira;  
vaina buscar á súa casa  
o día da sementeira.

4

*Aí che vai, Maruxiña!...*

5

Se chove, deixa chovere,  
se orballa, deixa orballare;  
eu ben sei dun abriguiño  
onde me hei de ir abrigare.

6

*Aí che vai, Maruxiña!...*

7

O caravel cando nace  
de pequeniño recende;  
non hai cousa máis humilde  
có amor cando pretende.


8

*Aí che vai, Maruxiña!...*


♩. = 50 | XOTA



Se qué - re - la bo - a mo - za non  
vai - na bus - car á súa ca - sa na




va - ias á ro - ma - rí - a;  
rou - pa de ca - da dí - a.



Aí che vai, Ma - ru - xi - ña! aí che vai,  
no cu - rral de teu pai en - ci - rra -  
cu - nha tran - ca na man e un za - pa -



aí che vai! aí che vai, Ma - ru - xi - ña!  
ron-me o can e sa - íu mi - ña so - gra  
to no pé; e - la qué - re-me ma - le



no cu - rral de teu pai;  
cu - nha tran - ca na man  
e eu ben sei por que é.

## EU BEN CHO DIXEN, RAPAZA

1  
Eu ben cho dixen, rapaza,  
eu ben te desenganeie  
dixenche que era casado  
agora que che fareie.

2  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba*  
*que vén o vento, Maruxa,*  
*e toda cha leva;*  
*toda cha leva*  
*lévacha toda*  
*ai, Maruxiña, Maruxa,*  
*non sexas tola.*

3  
Sempre andas: voume, voume,  
xa te podías ter ido;  
se te foras hai un ano  
xa me tiñas esquecido.

4  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba...*

5  
Se mo deches non mo deras  
que eu pedir non cho pedínhe;  
déchesllo a quen quixeches  
quéresmo cobrar a mínhe.

6  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba...*

7  
Moza do pano amarelo  
e mandil acarreirado  
quen che comeu as rosquillas  
que te leve no cabalo.

8  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba...*

9  
Eu ben sei a quen dixeches  
que non me podías ver;  
quen mo dixo non cho digo,  
pro estimeino saber.

10  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba...*

11  
Teño un amor na montaña,  
teño un amor montañese;  
teño un amor na montaña,  
no Ribeiro teño tresse.

12  
*Ai, Maruxiña,*  
*non vaias á herba...*

♩. = 56 | XOTA



Eu ben cho di - xen ra - pa - za \_\_\_\_  
di - xen - che que e - ra ca - sa - do \_\_\_\_



eu ben te de - sen - ga - ne - ie \_\_\_\_  
a - go - ra que che fa - re - ie. \_\_\_\_



Ai, Ma - ru - xi - ña, \_\_\_\_ non va - ias á  
to - da cha le - va \_\_\_\_ lé - va - cha



her - ba \_\_\_\_ que vén o ven - to, Ma - ru -  
to - da \_\_\_\_ ai, Ma - ru - xi - ña, Ma - ru -



xa, e to - da cha le - va;  
xa, non se - xas to - la.

## CARMIÑA, CARMIÑA, CARME

1  
Carmiña, Carmiña, Carme  
moito me gusta o teu nome;  
eu sempre chamo por Carme  
e Carme non me responde.

2  
*Carmiña, Carmela  
que pena me das,  
na guerra de Cuba  
morreuche o rapaz;  
morreu, morreu,  
que lle vas facer,  
para ti, Carmela,  
rapaz ha de haber.*

3  
Carmiña, Carmiña, Carme  
bonita cara de rosa;  
achégate a min Carmiña  
non te fagas recelosa.

4  
*Carmiña, Carmela...*

5  
Carmiña, Carmiña, Carme  
Carmiña do meu querere;  
Carmiña, Carmiña, Carme  
moito me fas padecere.

6  
*Carmiña, Carmela...*

7  
Carmiña ten un tinteiro  
cheo de tinta amarela;  
déixame molla-la pluma  
no teu tinteiro Carmela.

8  
*Carmiña, Carmela...*

9  
Carmiña berrou con Pedro  
na carballeira de abaixo  
porque lle picaba un toxo  
que levaba no refaixo.

10  
*Carmiña, Carmela...*

♩. = 50 | XOTA



Car - mi - ña, Car - mi - ña, Car - me  
sem - pre cha - mo por Car - me



— moi - to me gus - ta o teu no - me; — eu  
— e Car - me non me res - pon - de. — Car



mi - ña, Car - me - la que pe - na me das, na



gue - rra de Cu - ba mo - rreu - che o ra - paz; mo -



rreu mo - rreu, que lle - vas fa - cer, pa -



ra ti, Car - me - la, ra - paz ha de ha - ber.

## AGORA QUE FOI E FOI

1  
Agora que foi e foie,  
nena non teñas pesare;  
agora que foi e foie  
Deus o ha de remediare.

2  
*Aí vai Manuel  
deixádeo pasar  
vai toma-los aires  
á beira do mar;  
á beira do mar  
á beira do mar;  
aí vai Manuel  
deixádeo pasar.*

3  
Agora che vou contare,  
agora, meu queridiño;  
pra que o liño sexa boe  
haise que meter no río.

4  
*Á miña María  
ó meu Manuel  
castañas asadas  
pucheiros de mel;  
pucheiros de mel,  
pucheiros de mel  
á miña Maruxa,  
ó meu Manuel.*


5  
Sospeitas fuches collendo  
non o debías dicire  
que a túa porta neniña  
nunca nada fun pedire.

6  
*Aí vai Manuel  
deixádeo pasar  
vai toma-los aires  
á beira do mar;  
á beira do mar  
á beira do mar;  
aí vai Manuel  
deixádeo pasar.*

7  
Tan axiña me despido  
como axiña dou a volta;  
adeus, adeus queridiño  
que che vou cerra-la porta.

8  
*Á miña María  
ó meu Manuel  
castañas asadas  
pucheiros de mel;  
pucheiros de mel,  
pucheiros de mel  
á miña Maruxa,  
ó meu Manuel.*

♩. = 59 | XOTA



## PASEI POLA TÚA PORTA

1  
Pasei pola túa porta  
e mirei polo ferrollo  
e a ladra de túa naie  
meteume un pau por un ollo.

2  
*Apaga o candil,  
Marica, chus, chus,  
apaga o candil  
que ten moita luz,  
que ten moita luz,  
moita claridá,  
apaga o candil  
e achégate alá.*

3  
A túa nai é chocolate,  
e o teu pai chocolateiro,  
a túa nai lambe as cazolas,  
e o teu pai lambe os pucheiros.

4  
*Apaga o candil,  
Marica, chus, chus,  
apaga o candil  
que ten moita luz,  
que ten moita luz,  
moita claridá,  
apaga o candil  
e achégate alá.*

5  
Pasei pola túa porta,  
pedinche auga e non ma deches;  
cando pases pola miña  
farei como ti fixeches.

6  
*Apaga o candil,  
Marica, chus, chus,  
apaga o candil  
que ten moita luz,  
que ten moita luz,  
moita claridá,  
apaga o candil  
e achégate alá.*

7  
Chove auga miudiña  
e arrolla nos canales;  
ábreme a porta, neniña,  
que son aquel que ti sabes.

8  
*Apaga o candil,  
Marica, chus, chus,  
apaga o candil  
que ten moita luz,  
que ten moita luz,  
moita claridá,  
apaga o candil  
e achégate alá.*

♩. = 59 | XOTA



A - pa - ga o can - dil, Ma - ri - ca, chus,  
ten moi - ta luz, moi - ta cla - ri -



chus, a - pa - ga o can - dil que ten moi - ta  
dá, a - pa - ga o can - dil e a - ché - ga - te a -



luz; que Pa - sei po - la tú - a  
lá. \_\_\_\_\_



por - ta \_\_\_\_\_ e mi - rei po - lo fe - rro - llo \_



\_\_\_\_\_ e a la - dra de tú - a na - ie me - teu -



me un pau por un o - llo. \_\_\_\_\_

## ANDIVÉCHESTE ALABANDO

1  
Andivécheste alabando,  
polos muiños, moendo,  
que te casabas comigo  
e iso era en eu querendo.

2  
*Aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar,  
aló vén o gaiteiro  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar.*

3  
A rula vaise queixando  
que lle levaron o niño;  
quen cho mandou facer, rula,  
tanto á beira do camiño.

4  
*Aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar,  
aló vén o gaiteiro  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar.*

5  
Moza que estás na ventana  
coas puntas do pano fóra  
métete, moza, pra dentro  
que o pano non me namora.

6  
*Aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar,  
aló vén o gaiteiro  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar.*

7  
Toda a vida fuches miña  
e agora véñote vere  
que che quero preguntare  
se queres volver a sere.

8  
*Aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar,  
aló vén o gaiteiro  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
coa gaitiña a tocar,  
aló vén o gaiteiro  
por detrás do pinar.*

♩. = 59 | XOTA



An - di - vé - Ches - te a - la - ban - do, \_\_\_\_\_  
que te ca - sa - bas co - mi - go \_\_\_\_\_



— po - los mu - í - ños \_\_\_\_\_ mo - en - do, \_\_\_\_\_  
— e i - so e - ra en eu \_\_\_\_\_ que - ren - do. \_\_\_\_\_



ai, la le lo, ai la le lo \_\_\_\_\_ ai, la



le lo, ai \_\_\_\_\_ la la lo! \_\_\_\_\_ A - ló



vén o gai-tei - ro por de-trás do pi-nar; a - ló



vén o gai-tei - ro co - a gai - ti - ña a to-car.

## NON SEI QUE TEN A MORENA

1  
Non sei que ten a morena,  
non sei que a morena ten*he*;  
non sei que ten a morena  
que todos lle queren ben*he*.

2  
*E viro e viro*  
*e volvo a virar*  
*as voltas do viro*  
*son malas de dar.*

♩. = 56 | XOTA



Non sei que ten a mo - re — na, non  
sei que ten a mo - re — na que



sei que a mo - re - na te — *nhe*; non *nhe*. E  
to - dos lle que-ren be —



vi - ro e vi - ro e vol - vo a vi - rar, as vol - tas do  
ma - las de dar son ma - las de dar; e vi - ro e



vi - ro son ma - las de dar; son  
vi - ro e vol - vo a vi - rar.

# FOLIADAS

- 109 Ai, Sálvora, ai, San Vicente!  
 110 Se vas ó San Benitiño  
 San Benitiño do ollo redondo · *Refrán*  
 112 Aparta loureiro verde  
 Vivir na Coruña · *Refrán*  
 114 Viva a Coruña, viva Lugo  
 Na beira do mar · *Refrán*  
 116 Veño da Virxe da Barca  
 118 Nosa Señora do Carme  
 Polo Sar abaixo · *Refrán*  
 120 Unha noite no muíño  
 121 Por debaixo da ponte  
 122 Catro vellos mariñeiros  
 Ai, lalalo, ai, lalalalo! · *Refrán*  
 124 Se vas ó convento de Herbón

AI, SÁLVORA, AI, SAN VICENTE!

- |                               |                             |
|-------------------------------|-----------------------------|
| 1                             | 2                           |
| Ai, Sálvora, ai, San Vicente! | Ai, Sálvora, ai, San Amaro! |
| Ai, Sálvora, ai, San Vicente! | Ai, Sálvora, ai, San Amaro! |
| Ai, Sálvora, ai, San Vicente! | Ai, Sálvora, ai, San Amaro! |
| As nenas bonitas              | As nenas bonitas            |
| hainas en Mourente.           | sonche as de Santiago.      |

♩ = 53 | FOLIADA



Sál-vo-ra, ai, San Vi - cen-te! \_\_\_\_\_ Ai, Sál-vo-ra



ai, San Vi - cen-te! \_\_\_\_\_ Ai, Sál-vo-ra, ai, San Vi-



cen-te! \_\_\_\_\_ Ai, Sál-vo-ra, ai, San Vi - cen-te! As



ne-nas bo - ni-tas hai - nas en Mou - ren-te. \_\_\_\_\_

## SE VAS Ó SAN BENITIÑO

1

Se vas ó San Benitiño  
non vaias ó de Paredes; *(bis)*  
que é moito máis milagreiro,  
que é moito máis milagreiro,  
San Benitiño de Lérez.

2

*San Benitiño do ollo redondo  
hei de ir alá, miña nai, se non morro.  
Hei de levar unha bota de viño  
e un moletiño de pan pró camiño.*

3

A San Benito de Lérez  
a que lle foron armare; *(bis)*  
que tiña un homiño morto,  
que tiña un homiño morto  
debaixo do seu altare.




4

*San Benitiño do ollo redondo  
hei de ir alá, miña nai, se non morro.  
Hei de levar unha bota de viño  
e un moletiño de pan pró camiño.*

5

Santo que estás no canizo  
bota as castañas abaixo; *(bis)*  
que anque non teño mantelo,  
que anque non teño mantelo  
recóllas co refaixo.

♩ = 56 | FOLIADA DE SAN BENITIÑO



## APARTA LOUREIRO VERDE

1  
 Aparta loureiro verde  
 deixa clarea-la lúa  
 que estou no medio do mare  
 non vexo cousa ningunha.

2  
*Vivir na Coruña  
 que bonito é,  
 andar de varanda  
 e durmir de pé;  
 e durmir de pé  
 e durmir de pé;  
 vivir na Coruña  
 que bonito é!*

3  
 Arrimeime a ti loureiro,  
 pensando que eras calado,  
 loureiro larapeteiro,  
 todo o tés larapetado.

4  
*Vivir na Coruña  
 que bonito é,  
 andar de varanda  
 e durmir de pé;  
 e durmir de pé,  
 e durmir de pé;  
 vivir na Coruña  
 que bonito é!*


5  
 Heime de casar cun vello,  
 heime de fartar de rir;  
 heille de poñe-la cama  
 onde non poida subire.

6  
*Na ría de Vigo  
 non se pode entrar  
 con tantas peixeiras  
 que van cara ó mar;  
 que van cara ó mar,  
 que van cara ó mar,  
 á ría de Vigo,  
 non se pode entrar!*

7  
 Miña lancha mariñeira  
 que ben capea-lo vento;  
 así fai a boa moza  
 cando quere dous a un tempo.

8  
*Na ría de Vigo  
 non se pode entrar  
 con tantas peixeiras  
 que van cara ó mar;  
 que van cara ó mar,  
 que van cara ó mar,  
 á ría de Vigo,  
 non se pode entrar!*

♩. = 56 | FOLIADA DA CORUÑA



## VIVA A CORUÑA, VIVA LUGO

1  
Viva a Cruña, viva Lugo,  
viva Ourense e Pontevedra,  
viva a nosa nai Galicia,  
viva sempre a nosa terra.

2  
*Na beira do mar  
hai moito que ver,  
baila, miña Maruxa, si,  
baila na punta do pé;  
baila na punta do pé  
baila na palma da man,  
baila, miña Maruxa, si,  
baila se queres bailar.*

3  
Viva Noia, viva Noia  
terra onde me eu crieie  
viva San Xoán de Baionhe  
onde eu amores tomeie.

4  
*Na beira do mar...*

5  
Vivan os canteiros, madre,  
vivan os de Pontevedra  
que fixeron vi-la auga  
de Vigo pra Redondela.

6  
*Na beira do mar...*

7  
A parroquia de Sendelle  
de lonxe parece vila  
ten unha rosa na entrada  
e un caravel na saída.

8  
*Na beira do mar...*  
9  
Vivan elas, vivan elas,  
as neniñas de Combarro  
que me deron de beber  
pola cunquiña de barro.

10  
*Na beira do mar...*

♩ = 108 | FOLIADA



Na bei - ra do mar hai moi - to que  
bai - la na pun - ta do pé, bai - la na pal - ma da



ver, bai - la, mi - ña Ma - ru - xa, si,  
man, bai - la, mi - ña Ma - ru - xa, si,



bai - la na pun - ta do pé;  
bai - la se que - res bai - lar.

## VEÑO DA VIRXE DA BARCA

1  
Veño da Virxe da Barca,  
da Virxe da Barca veño,  
veño de abala-la pedra,  
de abala-la pedra veño.

2  
*Lalara lalara lalaralala,  
lalara lalara lalaralá.*

3  
Veño da Virxe da Barca  
veño de abala-la pedra;  
tamén veño de vos ve-lo  
Santo Cristo de Fisterra.

4  
*Lalara lalara lalaralala...*

5  
Veño da Virxe da Barca  
e vou prá Virxe do Monte;  
romeiriños de Muxía  
vídeme pasar que é noite.

6  
*Lalara lalara lalaralala...*

7  
Nosa señora da Barca  
ten o tellado de pedra;  
ben o puidera ter de ouro  
nosa Virxe se quixera.

8  
*Lalara lalara lalaralala...*

9  
Nosa Señora da Barca,  
para o ano hei de volver  
que me quedou a mantilla  
no altar por recoller.

10  
*Lalara lalara lalaralala...*

11  
Nosa Señora da Barca,  
non hai santa como ela  
que fai que as lanchas da ría  
collan o vento na vela.

12  
*Lalara lalara lalaralala...*

13  
Nosa Señora da Barca  
Nosa Señora, valeime!  
que estou no medio do mare  
non hai barqueiro que reme.

14  
*Lalara lalara lalaralala...*

♩. = 56 | FOLIADA DE MUXÍA

Ve - ño da Vir - xe da Bar - ca, da Vir - xe da  
Ve - ño de a ba - la - la pe - dra, de a - ba - la - la

Bar - ca ve - ño, \_\_\_\_\_ ve - ño de a - ba - la - la pe - dra,  
pe - dra ve - ño, \_\_\_\_\_ ve - ño da Vir - xe da Bar - ca,

de a - ba - la - la pe - dra ve - ño. \_\_\_\_\_ La la ra  
da Vir - xe da Bar - ca ve - ño. \_\_\_\_\_

la la ra la la ra la la, la la ra la la ra

la la ra lá. La la ra la la ra la la ra

la la, la la ra la la ra la la ra lá.

## NOSA SEÑORA DO CARME

1  
Nosa Señora do Carme  
que nos dea o vento en popa  
que sómo-los de Marín,  
levámo-la vela rota.

2  
*Polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé  
corre que te corre  
quen a puidera coller,  
quen a puidera coller,  
quen a puidera pillar,  
polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé.*

3  
Nosa Señora do Carme,  
pídelle ó Noso Señore  
que nos dea un bo homiño,  
que sexa traballadore.

4  
*Polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé  
corre que te corre  
quen a puidera coller,  
quen a puidera coller,  
quen a puidera pillar,  
polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé.*

7  
Nosa Señora do Carme  
vele aí vai pola ribeira  
collendo cuncha por cuncha  
meténdoas na faldriqueira.

8  
*Polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé  
corre que te corre  
quen a puidera coller,  
quen a puidera coller,  
quen a puidera pillar,  
polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé.*

9  
Nosa Señora do Carme  
ten uns zapatiños brancos  
para pasear no adro  
domingos e días santos.

10  
*Polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé  
corre que te corre  
quen a puidera coller,  
quen a puidera coller,  
quen a puidera pillar,  
polo Sar abaixo vai  
unha troita de pé.*

♩ = 56 | FOLIADA DE MARÍN

No - sa Se-ño - ra do Car-me que nos de-a o

ven - to en po - pa que só-mo-los de Ma - rín, le -

vá-mo-la ve - la ro-ta. que Po-lo Sar a -

bai - xo vai u - nha troi - ta de pé  
de - ra co - ller, quen a pui - de - ra pi - llar,

— co - rre que te co - rre quen a pui -  
— po - lo Sar a - bai - xo vai u - nha

de - ra co - ller, quen a pui  
troi - ta de pé.

## UNHA NOITE NO MUÍÑO

1  
Unha noite no muíño,  
unha noite non é nada,  
unha semana enteira  
esa si que é muiñada.

2  
Unha noite no muíño,  
unha noite non é nada;  
dormir coa muiñeira  
esa si que é muiñada.

3  
Unha noite no muíño,  
cun fato de nenas novas,  
elas todas en camisa,  
eu no medio en cirolas.

4  
Heiche de toca-las cunchas,  
miña carrapucheiriña;  
heiche de toca-las cunchas  
naquela corredoiriña.

♩ = 96 | FOLIADA DA MONTAÑA




## POR DEBAIXO DA PONTE

1  
Por debaixo da ponte  
da vía do tren  
ía unha lanchiña  
que corría ben,  
que corría ben,  
que corría ben  
por debaixo da ponte  
da vía do tren.

2  
Por debaixo da ponte  
víronte pasar,  
as pernas Marica,  
viñas de lavar,  
viñas de lavar  
e a cara tamén,  
por debaixo da ponte  
da vía do tren.

♩ = 156 | FOLIADA



## CATRO VELLAS MARIÑEIROS

1  
 Catro vellos mariñeiros,  
 catro vellos mariñeiros  
 todos metidos nun bote  
 voga, voga, mariñeiro  
 vamos pra Viveiro  
 xa se ve San Roque;  
 voga, voga, mariñeiro  
 vamos pra Viveiro  
 xa se ve San Roque.


2.4.6  
*Ai, lalalo, ai, lalalelo!*  
*Ai, lalalo, ai, lalalá!*  
*Ai, lalalo, ai, lalalelo!*  
*Ai, lalalelo, ai, lalalá!*

♩ = 66 | FOLIADA DE VIVEIRO



3  
 Os mariñeiros traballan,  
 os mariñeiros traballan  
 de noite coa luz da lúa.  
 Dá gusto velos chegare  
 pola mañá cedo  
 cheirando a frescura.  
 Dá gusto velos chegare  
 pola mañá cedo  
 cheirando a frescura.

5  
 Traio sardiña e bocarte,  
 traio sardiña e bocarte  
 tamén xurelo pequeno  
 rapaciña de Viveiro  
 vai busca-lo lote  
 do teu mariñeiro;  
 rapaciña de Viveiro  
 vai busca-lo lote  
 do teu mariñeiro.



1  
Se vas ó convento de Herbón  
mira pró lado dereito  
verás ó San Antoniño  
deitar auga polo peito.

2  
Deitar auga polo peito,  
deitar auga polo peito;  
se vas ó convento de Herbón  
mira pró lado dereito.

♩. = 56 | FOLIADA DE HERBÓN



Se vas ó con - ven - to de Her - bón  
Dei - tar au - ga po - lo pei - to,



mi - ra pró la - do de - rei - to  
dei - tar au - ga po - lo pei - to;



ve - rás a San An - to - ni - ño  
se vas ó con - ven - to de Her - bón



dei - tar au - ga po - lo pei - to  
mi - ra pró la - do de - rei - to.

# CANTAR, BAILAR, COMER E BEBER

- 127 Ven bailar Carmiña · *Refrán*  
Os zapatos piden medias
- 128 Eu non canto por cantar
- 129 Canta, miña compañeira  
E déixame subir · *Refrán*
- 130 Señor cura, cura, cura  
Ábreselle o lombo · *Refrán*
- 132 O mar anda que desanda  
Mire, meu pai, mire · *Refrán*
- 134 Se o teu mozo che pide aquel conto
- 135 Arroz con chícharos · *Refrán*
- 136 Valáí vai, velaí vai · *Refrán*
- 137 Chamáchesme moreniña
- 138 Eu caseime no Ribeiro
- 139 Se vas ó Ribeiro · *Refrán*
- 140 Nunha lancha de Marín
- 142 Éche un andar miudiño  
Eu traio unha borracheira · *Refrán*

VEN BAILAR CARMIÑA

1. 3

*Ven bailar Carmiña,  
Carmiña, Carmela  
co zapato baixo,  
coa media de seda;  
coa media de seda,  
de seda calada,  
ven bailar Carmiña  
que xa toca a gaita.*

2

Os zapatos piden medias,  
as medias piden zapatos  
e as rapaciñas bonitas  
piden rapaciños guapos.

♩ = 110



Ven bai-lar Car - mi - ña, Car - mi - ña, Car - me - la  
coa me-día de se - da, de se - da ca - la - da,



co za - pa - to bai-xo, coa me-día de se - da.  
ven bai - lar, Car - mi-ña, que xa to - ca a gai - ta.



Os za - pa-tos pi-den me-dias, as me - dias pi-den za-pa - tos



e as ra - pa-ci-ñas bo - ni - tas pi-den ra-pa-ci-ños gua-pos.

## EU NON CANTO POR CANTAR

<p>1 Eu non canto por cantare nin pola graza que teña; canto para alivia-lo corazón de tanta pena.</p>	<p>3 Canta nena, canta nena, garda o berberecheiro que a que non canta nin baila é a que o dá primeiro.</p>
<p>2 Canta nena, canta nena, garda o berberechiño que a que non canta nin baila é que ten ben feito o niño.</p>	<p>4 Canta rula, canta rula canta rula naquel souto; coitadiño do que espera polo que está nas mans doutro.</p>

♩ = 86

Eu non can - to por can - ta - re,  
nin po - la gra - cia que te - ña;  
can - to pa - ra a - li - via - lo  
co - ra - zón de tan - ta pe - na.

## CANTA, MIÑA COMPAÑEIRA

<p>1 Canta, miña compañeira, miña compañeira, canta, canta, miña compañeira que tes moi linda garganta.</p>	<p>3 Canta ti, cantarei eue irémo-los dous cantando, canta quen tiver amores, canta quen os vai deixando.</p>
<p>2.4 <i>E déixame subir ó cuarto da criada; e déixame subir que non lle fago nada, morena, por ti!</i></p>	

♩ = 96

Can - ta, mi - ña com - pa - ñei - ra, mi - ña com - pa -  
can - ta, mi - ña com - pa - ñei - ra que tes moi lin -  
ñei - ra, can - ta, E dei - xa - me su -  
da gar - gan - ta. dei - xa - me su -  
bir ó cuar - to da cri - a da; e  
bir que non lle fa - go na - da, mo - re - na, por ti!

## SEÑOR CURA, CURA, CURA

1

Señor cura, cura, cura,  
aí lle vén a súa sobriña  
que lle quere preguntare  
como se asan as sardiñas.

2

*Ábreselle o lombo,  
bótaselle aceite  
e cun abanico  
ponte a abanicare.  
Abanica, abanica, abanica,  
abanica as sardiñas no lar.*

3

Señor cura, cura, cura,  
aí lle vén a súa sobriña  
que lle quere preguntare  
como se asan as sardiñas.

4

*Ábreselle o lombo,  
bótaselle sale  
e logo no lume  
veña abanicare.  
Abanica, abanica, abanica,  
abanica as sardiñas no lar.*

♩. = 56



Se - ñor cu - ra, cu - ra, cu - ra,  
que lle que - re pre - gun - ta - re



— aí lle vén a súa so - bri - ña  
— co - mo se a - san as sar - di - ñas.



Á - bre - se - lle o lom - bo, — bó - ta - se - lle a - cei - te



— e cun a - ba - ni - co pon - te a - ba - ni - ca - re. —



— A - ba - ni - ca, a ba - ni - ca, a - ba - ni - ca,



— a - ba - ni - ca as sar - di - ñas no lar.

## ○ MAR ANDA QUE DESANDA

1  
O mar anda que desanda,  
anda que desaparece;  
quen ten amores non dorme,  
quen non os ten adormece.

2  
*Mire, meu pai, mire,  
mire como veño:  
véñolle morto de frío  
con fame dun ano e medio,  
mire, meu pai, mire,  
mire como veño.*

3  
Na casa dos pobres reñen  
e todos teñen razónhe  
as mulleres pola saia  
e os homes polo calzonhe.

4  
*Mire, meu pai, mire,  
mire como veño:  
véñolle morto de frío  
con fame dun ano e medio,  
mire, meu pai, mire,  
mire como veño.*

5  
Se chove, deixa que chova  
se orballa deixa orballare  
que eu ben sei dun abriguiño  
onde me hei de ir abrigare.

6  
*Mire, meu pai, mire,  
mire como veño:  
véñolle morto de frío  
con fame dun ano e medio,  
mire, meu pai, mire,  
mire como veño.*

7  
Miña nai, miña nai  
coma miña nai ningunha  
que me quentaba a cariña  
coa caloriña da súa.

8  
*Mire, meu pai, mire,  
mire como veño:  
véñolle morto de frío  
con fame dun ano e medio,  
mire, meu pai, mire,  
mire como veño.*

9  
Farruquiño anda no monte  
coa capa remendada;  
ben cho dixen Farruquiño:  
quen mal anda mal acaba.

♩. = 63

O mar an - da que de - san - da, \_\_\_  
quen ten a - mo - res non dor - me, \_\_\_

an - da que de - sa - pa - re - ce; \_\_\_  
quen non os ten a - dor - me - ce. \_\_\_

Mi - re, meu pai, mi - re, mi - re co - mo ve - ño: \_\_\_

vé - ño - lle mor - to de frí - o \_\_\_

con \_\_\_ fa - me dun a - no e me - dio, \_\_\_

mi - re, meu pai, mi - re, mi - re co - mo ve - ño. \_\_\_

## SE O TEU MOZO CHE PIDE AQUEL CONTO

1

Se o teu mozo che pide aquel conto  
e por el che fai un xuramento  
non llo deas, nena, non llo deas  
que o xurado lévao o vento.

3

O primeiro no amor sonche os bicos,  
o segundo beliscos pequenos,  
o terceiro ben achegadiños  
e ó remate sonche os nenos.

♩ = 56



Se o teu mo - zo che pi - de a - quel con - to



— e por el che fai un xu - ra - men - to



— non llo de - as, ne - na, non llo de - as



— que o xu - ra - do — lé - vao o ven - to.

## ARROZ CON CHÍCHAROS

2.4

*Arroz con chícharos,  
patacas novas,  
repolo de Betanzos  
e mais cebolas,  
e mais cebolas,  
e mais cebolas,  
arroz con chícharos  
patacas novas.*



A - rroz con chí - cha - ros, pa -  
mais ce - bo - las, — e



ta - cas no - vas, — re - po - lo de Be - tan - zos — e  
mais ce - bo - las, — a - rroz con — chí - cha - ros, pa -



mais ce - bo - las — e  
ta - cas - no vas. —


## VELAÍ VAI, VELAÍ VAI

1.3

*Velaí vai, velaí vai,  
a rapaza polo río,  
sen comer e sen beber,  
toda cheiña de frío,*

*toda cheiña de frío,  
toda chea de dolor;  
velaí vai, velaí vai,  
polo río xa pasou.*

♩ = 80



## CHAMÁCHESME MORENIÑA

2

Chamáchesme moreniña  
á vista de tanta xente  
e agora vaimos quedare  
moreniña para sempre.

4

Chamáchesme moreniña  
branquiña vaite lavare;  
disme que non teño amores  
e inda chos podos emprestare.

♩ = 63



## EU CASEIME NO RIBEIRO

1  
Eu caseime no Ribeiro  
pola fama do bo viño,  
e o coitado do meu sogro  
só che tiña un pipotiño.

3  
Se te casas en Ourense  
pídelle a proba primeiro  
da cacheiriña do porco  
e do viño do Ribeiro.

5  
Eu caseime por un ano  
por ve-la vida que era;  
o ano xa vai pasando  
solteiriño quen me dera.

7  
Eu caseime cunha moza  
porque ela cantaba ben*he*  
e agora morro de fame  
que o cantar non nos mantén*he*.

♩. = 46



Eu ca - sei - me no - Ri - bei - ro po -



- la fa - ma do bo vi - ño, \_\_\_\_\_



e o coi - ta - do do meu so - gro só



\_\_ che ti - ña un pi - po - ti - ño. \_\_\_\_\_

## SE VAS Ó RIBEIRO

2 . 4 . 6 . 8

*Se vas ó Ribeiro,  
ó Ribeiro de Avía,  
se vas ó Ribeiro  
vai por Ribadavia,*

*vai por Ribadavia,  
vai por Ventosela  
que hai unha nena  
que dá xenio vela.*

♩. = 46



Se vas ó Ri - bei - ro, ó Ri - bei - ro



de A - vi - a, \_\_\_\_\_ se vas ó Ri - bei - ro vai



por Ri - ba - da - vi - a, \_\_\_\_\_ vai por Ri - ba -



da - via, vai por Ven - to - se - la \_\_\_\_\_ que hai u - nha



ne - na que dá xe - nio ve - la. \_\_\_\_\_

## NUNHA LANCHA DE MARÍN

1

Nunha lancha de Marín  
coa proa de carballo;  
nunha lancha de Marín  
coa proa de carballo  
catro rapaces da Pobra  
roubaron un rodaballo,  
roubaron un rodaballo  
*ai, lalalo! ai, lalalalo!*

*Mala chispa te coma!*  
*Mala chispa leré!*  
*Mala chispa te coma!*  
*Ui, ai, ié!*

2

O patrón que os mandaba  
tamén era de Marín;  
o patrón que os mandaba  
tamén era de Marín;  
e díxolle ó rodaballo:  
moito miras para min!  
moito miras para min!  
*ai, lalalo! ai, lalalalo!*

*Mala chispa te coma!*  
*Mala chispa leré!*  
*Mala chispa te coma!*  
*Ui, ai, ié!*

3

Fórono vender á lonxa  
e con moito disimulo;  
fórono vender á lonxa  
e con moito disimulo;  
e quen o foi comprare  
a filla do Cachirulo!  
a filla do Cachirulo!  
*ai, lalalo! ai, lalalalo!*

*Mala chispa te coma!*  
*Mala chispa leré!*  
*Mala chispa te coma!*  
*Ui, ai, ié!*

4

Aquí se acaba a historia  
deste peixe rodaballo;  
aquí se acaba a historia  
deste peixe rodaballo;  
que por non haber aceite,  
houbo que comelo asado,  
houbo que comelo asado.  
*ai, lalalo! ai, lalalalo!*

*Mala chispa te coma!*  
*Mala chispa leré!*  
*Mala chispa te coma!*  
*Ui, ai, ié!*

♩ = 63



## ÉCHE UN ĀNDAR MIUDIÑO

CAPÍTULO · VIII

1  
Éche un andar miudiño,  
miudiño, miudiño,  
miudiño, miudiño  
o que eu traio.

2  
*Eu traio unha borracheira  
de viño que auga non bebo.  
Mira, mira, Maruxiña,  
mira, mira como eu veño.*

♩ = 60



# AMOR

- 145 Amoriños collín na beiriña do mar
- 146 Xa fun a Marín
- 147 Rosiña anda descalza
- 148 Na banda de aló do río
- 149 Carballeira de San Xusto
- 150 A saia de Carolina
- 152 Dáme un bico, Maruxiña
- 154 Dáme nena o que che pido
- 156 Teño un amor mariñeiro
- 157 Collín toxos e flores
- 158 Romance do cego andante

AMORIÑOS COLLÍN

1

Amoriños collín  
na beiriña do mar,  
amoriños collín  
non os podo olvidar,  
non os podo olvidar,  
non os podo olvidar,  
amoriños collín  
na beiriña do mar.

2

Xa me dixo teu pai  
que te saque a bailar  
e no medio do baile  
que te deixe quedar,  
que te deixe quedar,  
que te deixe quedar,  
xa me dixo teu pai  
que te saque a bailar.

♩ = 156




A - mo - ri - ños co - llín na bei - ri - ña do



mar, a - mo - ri - ños co - llín non os po - do ol vi -



dar, non os po - do ol - vi - dar, non os po - do ol - vi -



dar, a - mo - ri - ños co - llín na bei - ri - ña do mar.

## XA FUN A MARÍN

1  
Hei de ir a Marín,  
hei de ir a buscar  
os amoríños primeiros.  
Xa fun a Marín,  
xa pasei o mar  
e agora son mariñeiro.

2  
*Xa fun a Marín,  
as pernas che vin  
e un gato negro  
tiróuseche a mín,  
xa fun a Marín  
e as pernas che vin.*

♩ = 56



Hei de ir a Ma - rín, hei de ir a bus -  
Xa fun a Ma - rín, xa pa - sei o



car os a - mo - ri - ños pri - mei - ros. \_\_\_\_  
mar e a - go - ra son ma - ri - ñei - ro. \_\_\_\_



Xa fun a Ma - rín, as per - nas che vín e  
rou - se - che a mín, ti - rou - se - che a mín, xa



un ga - to ne - gro ti - róu - se - che a mín, ti  
fun a Ma - rín \_\_\_\_ e as per - nas che vín.

## ROSIÑA ANDA DESCALZA

1  
Rosiña anda descalza, *ai, Rosiña!*  
Rosiña por que quería, *ai, Rosiña!*  
que a casa do zapateiro, *ai, mais ai!*  
Rosiña ben a sabía, *ai, ai!*

♩ = 56



Ro - si - ña an - da des - cal - za, *ai, Ro - si -*



*ña!* Ro - si - ña por que que - rí - a, *ai, Ro - si -*



*ña!* que a ca - sa do za - pa - tei - ro, *ai, mais ai!* Ro - si - ña



ben a sa - bí - a, *ai, ai!* Ro - si - ña an - da des - cal - za, *ai, mais*  
*ai!* que a ca - sa do za - pa - tei - ro, *ai, mais*



*ai!* Ro - si - ña por que que - rí - a, *ai,*  
*ai!* Ro - si - ña ben a sa - bí - a, *ai, ai!*

## NA BANDA DE ALÓ DO RÍO

1  
Na banda de aló do río  
*chirivirivín, caracol, caracol,*  
cantaba un sapo  
e no seu cantar dicía:  
*chirivirivín, caracol, caracol,*  
ai, que cho papo!

2  
Na banda de aló do río  
*chirivirivín, caracol, caracol,*  
cantaba un merlo  
e no seu cantar dicía:  
*chirivirivín, caracol, caracol,*  
ai, que cho quero!

♩ = 108



Na ban - da de a-ló do rí - o *chi-ri-vi-ri-*



*vín, ca-ra-col, ca-ra-col,* can - ta - ba un sa - po —



— e no seu can - tar di - cí - a: *chi-ri-vi-ri-*



*vín, ca-ra-col, ca-ra-col,* ai, que cho pa - po!

## CARBALLEIRA DE SAN XUSTO

1  
Carballeira de san Xusto  
Carballeira derramada;  
naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla.

2  
Unha nena me pediue  
Zapatos de chocolate,  
Cunhas fibelas de azucre;  
Mire usted que disparate!

3  
Aldeíña de Baldaio,  
aldea de poucos homes,  
e aqueles poucos que quedan  
chámanlles remendafoles

4  
Se soubera que ti viñas,  
como de certo viñeches,  
mandaba alfombra-la rúa  
cun ramiño de alcipreste.

♩ = 76



Car - ba - llei - ra de San Xus - to, \_\_\_ car - ba - llei - ra de rra -



ma - da; \_\_\_ na - que - la car - ba - llei - ri - ña \_\_\_ per - dín



a mi - ña na - va - lla; \_\_\_ per - dín a mi - ña na -



va - lla, \_\_\_ ai la le lo! ai, la la lo! \_\_\_

## A SAIA DA CAROLINA

1  
A saia da Carolina  
ten un lagarto pintado  
cando a Carolina baila  
o lagarto dálle ó rabo.

2  
*Bailaches Carolina?*  
*Bailei, si señor.*  
*Dime con quen bailaches?*  
*Bailei co meu amor,*  
*bailei co meu amor,*  
*bailei co meu amor.*  
*Bailaches Carolina?*  
*Bailei, si señor.*

3  
Carolina é unha tola  
que todo fai ao revés,  
vístese pola cabeza  
e íspese polos pés.

4  
*Bailaches Carolina?*  
*Bailei, si señor.*  
*Dime con quen bailaches?*  
*Bailei co meu amor...*

5  
O señor cura non baila  
porque ten unha coroa;  
baile, señor cura, baile,  
que deus todo llo perdoa.

6  
*Bailaches Carolina?*  
*Bailei, si señor.*  
*Dime con quen bailaches?*  
*Bailei co meu amor...*

7  
Carolina ten un niño  
entre as tellas do tellado.  
O niño de Carolina  
cando chove está mollado.

8  
*Bailaches Carolina?*  
*Bailei, si señor.*  
*Dime con quen bailaches?*  
*Bailei co meu amor...*

9  
Co teu amor, Carolina,  
ti non volvas a bailar  
porque che levanta a saia  
e é moi mala de baixar.


♩ = 86



A sa - ia de Ca - ro - li - na ten un  
can - do Ca - ro - li - na bai - la o la -



la - gar - to pin - ta - do Bai -  
gar - to da - lle ó ra - bo.



la - ches, Ca - ro - li - na? Bai - lei, si se - ñor. Di -



me con quen bai - la - ches? Bai - lei co meu a - mor, bai -



lei co meu a - mor, bai - lei co meu a - mor. Bai -



la - ches, Ca - ro - li - na? Bai - lei, si se - ñor.

## DÁME UN BICO, MARUXIÑA

1  
Dáme un bico, Maruxiña,  
que che hei de dar un pataco;  
non quero bicos dos homes  
que me cheiran a tabaco.

2  
*E se vas á herba  
heicha de ir erguer,  
dareiche un abrazo  
ai, Maruxiña, do meu querer.*

*Un abrazo non  
meu lindo rapás  
porque o resultado,  
meu queridiño, venche detrás.*

3  
Primeiro pídesme un bico,  
despois pídesme un abrazo  
e así pouquiño e pouco  
vas entrando no palacio.

4  
*E se vas á herba  
heicha de ir erguer,  
dareiche un abrazo  
ai, Maruxiña, do meu querer.*

*Un abrazo non  
meu lindo rapás  
porque o resultado,  
meu queridiño, venche detrás.*

5  
Teño o xuramento feito  
que mentres estea solteira  
nin ti nin ningún lambón  
me ha de ir a chocolateira.

6  
*E se vas á herba  
heicha de ir erguer,  
dareiche un abrazo  
ai, Maruxiña, do meu querer.*

*Un abrazo non  
meu lindo rapás  
porque o resultado,  
meu queridiño, venche detrás.*

♩ = 98



Dá - me un bi - co, Ma - ru - xi - ña  
non que - ro bi - cos dos ho - mes



que che hei de dar un pa - ta - co;  
que me chei - ran a ta - ba - co.




E se vas á her - ba,  
a - bra - zo non meu



hei - che de ir er - guer, da - rei - che un a -  
lin - do ra - pás por que o re - sul -



bra - zo, ai, Ma - ru - xi - ña, do meu que -  
ta - do meu que - ri - di - ño vén - che de



rer. Un trás.

## DÁME NENA O QUE CHE PIDO

1  
Dáme nena o que che pido,  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
que non é a túa vida;  
*ai, velaí vai!*  
da cintura para baixo  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
do xeonllo para riba.  
*ai, velaí vai!*

2  
Farruquiño, meu amore,  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
déixame unha prenda túa,  
*ai, velaí vai!*  
déixame a túa navalla  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
para sega-la verdura.  
*ai, velaí vai!*

3  
Eu pedinllo a unha nena  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
e ela dixo que vería;  
*ai, velaí vai!*  
a resposta non foi mala  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
pra volver pra outro día  
*ai, velaí vai!*

4  
Eu pedinllo a unha nena  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
no pasadoiro do prado;  
*ai, velaí vai!*  
ela dixo que era nova  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
que non rexía o vergallo  
*ai, velaí vai!*

5  
Eu pedinllo a unha nena  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
na relleira da súa cama;  
*ai, velaí vai!*  
ela dixo: toma, toma  
*velaí vai, velaí vai, velaí vai!*  
que cho dou de boa gana  
*ai, velaí vai!*

♩. = 50

The musical score is written in 3/8 time with a key signature of one flat (Bb). It consists of a vocal line and a piano accompaniment line. The vocal line is in a soprano range and features a mix of eighth and quarter notes, often with ties. The piano accompaniment is in the right hand, using chords and single notes to support the melody. The lyrics are written below the vocal line, with some words underlined to indicate syllable placement. The score ends with a double bar line and repeat dots.

Dá - me ne - na o que che  
pi - do, ve - laí vai, ve - laí vai, ve - laí vai!  
que non é a tú - a vi - da, ai, ve - laí vai,  
da cin - tu - ra - pa - ra - bai - xo, ve - laí  
vai, ve - laí vai, ve - laí vai, do xe - on - llo pa - ra  
ri - ba, ai, ve - laí vai!

## TEÑO UN AMOR MARIÑEIRO

1  
Teño un amor mariñeiro,  
bonito coma unha rosa;  
teño medo que mo leve  
algunha nena envexosa.

2  
Vente ventiño do mare,  
vente ventiño mareiro;  
vente ventiño do mare  
e tráeme o meu mariñeiro.

♩ = 56




Te - ño un a - mor ma - ri - ñei - ro, *chis -*  
Te - ño me - do que mo le - ve, *chis -*



*pún!* te - *pún!* bo - ni - to co - ma u - nha  
*pún!* te - *pún!* al - gu - nha mo - za en ve -



ro - sa, *ai, la la la la!* *ai, la la la*  
xo - sa, - *ai, la la la la!* *ai, la la la*



*la!* bo - ni - to co - ma u - nha ro - sa;  
*la!* al - gu - nha ne - na en - ve - xo - sa.

## COLLÍN TOXOS E FLORES

1  
Collín toxos e flores  
e pensamentos  
palabras amorosas  
que leva o vento.

♩ = 108



Co - llín, co - llín, co - llín to - xos e flo -  
la, pa - la, pa - la - bras a - mo - ro -



res e pen - sa - men, e pen - sa - men, e pen - sa - men -  
sas que le - va o ven, que le - va o ven, que le - va o ven



tos pa - to. *Ai, la la la la la la la la*



*la la la la la la la la la la la la la la*



*la la la la la la!* *Ai, la!*

## ROMANCE DO CEGO ANDANTE

1  
Ábreme a portiña,  
ábreme o postigo,  
dáme do teu lenzo,  
ai, meu ben!  
que veño ferido.

2  
Pois se vés ferido  
vés a mala hora,  
que as miñas portiñas,  
ai, meu ben!  
non se abren agora.

3  
Se a ninguén llas abres  
ábremas a minhe  
son un pobre cego,  
ai, meu ben!  
que veño pedire

4  
Levántate, nena,  
deixa roca e liño  
dálle pan ó cego,  
ai, meu ben!  
que siga o camiño.

5  
Eu non quero panhe,  
nin tampouco viño,  
quero que Rosiña,  
iai, meu ben!  
me ensine o camiño.

6  
Anda vai, Rosiña,  
colle roca e liño,  
vai co triste cego,  
ai, meu ben!  
móstralle o camiño.

7  
Anda, ou Rosiña,  
máis outro pouquiño,  
son curto de vista,  
ai, meu ben!  
non vexo o camiño.

8  
De condes e duques  
xa fun pretendida  
e agora dun cego,  
ai, meu ben!  
véxome rendida.

9  
Eu non che son cego,  
nin Deus o permita,  
sonche o conde Alberte,  
ai, meu ben!  
que te pretendía.

10  
Adeus miña casa,  
adeus meus quintais,  
adeus compañeiras,  
ai, meu ben!  
para nunca máis.

♩ = 84




Á - bre-me a por - ti - ña, á - bre-me o pos -



ti - go; dá - me do teu len - zo, ai, meu -



ben! que ve - ño fe - ri - do. Pois se vés fe - ri - do



vés a ma - la ho - ra que as mi - ñas por -



ti - ñas, ai, meu ben! non se a-bren a - go - ra.

Supermercados Gadis edita o *Cancioneiro popular de Galicia, Eu non canto por cantar*, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas do 2014, ano no que é homenaxeado o poeta Xosé María Díaz Castro.

As melodías deste cancionero pódense escoitar na dirección web: [www.museodopobo.es/cancioneiro](http://www.museodopobo.es/cancioneiro)

Os panos rameados empregados para ilustrar as cubertas e as portadas dos distintos capítulos foron cedidos por «de Cotío».

Este libro compúxose coas tipografías Isaac Sans Display Bold de Marcos Dopico/Mais Types e a Chronicle Text G2 de Hoefler & Frere-Jones. A tripa imprimiuse nun papel Print Speed 90 g/m<sup>2</sup> de Antalis e nun Imitlin Aida 125 g/m<sup>2</sup> de Fedrigoni. As cubertas imprimíronse nunha cartolina Constellation Aida 350 g/m<sup>2</sup> de Fedrigoni.

Este libro saíu do prelo na primavera do ano 2014.



**GADIS**